

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM.4

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16 DE ABRIL DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, este Pleno realízase por video conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día dezaseis de abril do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González,

Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorca, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores/as concelleiros, o Pleno realízase en circunstancias excepcionais e en consecuencia hai unha parte presencial dos membros deste Pleno, que son o Alcalde e os catro Tenentes de Alcalde, mais os voceiros dos grupos, o resto dos membros deste Pleno, están facendo un seguimento telemático con voz aberta tanto de recepción como de retorno e polo tanto, estamos constituídos.

Asisten ao Pleno o Secretario e o Interventor, e a parte das asistencias técnicas necesarias para o establecemento da comunicación. Seguramente haberá algún fallo técnico porque é a primeira vez que o realizamos e polo tanto, as dificultades de funcionamento pero trataremos de solventalo e arranxalo.

Primeiro constatamos quórum, polo número de persoas presentes e o número de persoas membros deste Pleno conectados, non hai sesión pública polas propias circunstancias deste Pleno e do confinamento, e a orde de día que foi pactada na Xunta de Voceiros, ten un punto retórico de ratificación de urxencia e dous puntos máis, unha comunicación de decisións e un terceiro de declaración institucional.

1(39).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e sete membros (nove presenciais e dezaseis por control remoto) da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2(40).- COMUNICACIÓN DE DECISIONS ADOPTADAS NO MARCO DO "COMITÉ DE SEGUIMIENTO DA EVOLUCIÓN DO COVID- 19". EXPTE. 2388/1101

PRESIDENCIA: No punto segundo que abrimos agora, que é a comunicación de decisións no marco do Comité de Seguimento da evolución do Covid-19, vou facer unha exposición o máis sucinta posible e despois darei a palabra aos grupos o tempo que razoadamente cada un queira utilizar, como é natural o non adscrito deberá autolimitarse con respecto ás intervencións que fagan os voceiros dos tres grupos.

Polo tanto, se hai algunha cuestión sobre o procedemento que queiramos clarexar ou engadir.

PRESIDENCIA: Eu quero en primeiro lugar e antes de comezar transmitir o noso pésame e quero seguramente falar en nome de todo este Pleno, por tódalas mulleres e homes falecidos a causa da pandemia do Coronavirus, enviarlle aos seus familiares e amigos as nosas condolencias, cariño, déixeme que o diga desta forma, pero ao mesmo tempo a tódolos que resultaron contaxiados e que pasaron e están a pasar neste momento a doenza do coronavirus e en consecuencia o noso cariño e a nosa atención a tódalas persoas directamente afectadas, especialmente aos que neste momento están internados mesmo na UCIS desta cidade ou de tantas cidades de España se mo permiten, de todas partes, os que están en internamento hospitalario, os que están confinados con positivos, porque a

situación no ámbito particular é un drama extraordinariamente importante e queremos que saiban que estamos ao seu carón, e quería dicir que o 14 de marzo, o pasado mes, o goberno de España decretou o estado de alarma, e con esta constatación quero iniciar a miña intervención das actuacións dende o ámbito municipal; porque con anterioridade a esta declaración no Concello de Vigo e dende este goberno xa estábamos actuando e non quero retrotraerme moi lonxe nas datas, pero mesmo o 11 de marzo este Concello en acordo con outros organizadores, enténdese Faro de Vigo e a Banca, decidimos suspender a Gala de Deporte e o quixemos facer porque víamos e prevíamos, nos temíamos o que efectivamente ía suceder. Quero dicir que cando fixemos esa suspensión dese acto, os propios participantes e os que ían a ser galardoados o entenderon extraordinariamente ben, foi seguramente a primeira mostra activa na cidade de entendemento da situación que estábamos a atravesar e o que ía a suceder dende entón. O día 12 de marzo, nós constituíamos aquí o Comité de Seguimento da Evolución do Covid-19, un órgano de emerxencia para ir facendo fronte a todo aquilo que ía suceder nas decisións que se ían tomar dende as diferentes institucións e as nosas propias con ocasión da pandemia. E o certo é que o día 13 de marzo e a partires de aí comezamos dende o Concello a tomar decisións, e as decisións en primeiro lugar foron tratar de buscar o illamento social, a desaparición das confluencias sociais, dos lugares de encontro e de forma inmediata fixemos unha suspensión total de actos públicos e actividades, pero inmediatamente pechamos as instalacións municipais non esenciais, as instalacións deportivas, fixemos restricións simbolicamente de número de participantes en bodas civís, pechamos os parques infantís, as áreas de ocio, as pistas deportivas, pechamos os mercadillos, o parque municipal de Castrelos, a fortaleza do parque de O Castro, o paseo marítimo de Samil e espazos análogos como tódalas praias da cidade, suspendemos os mercadillos de Bouzas, de Coia, mentres durasen estas medidas e estivéramos en estado de Alarma, fixemos un aprazamento de festas e conmemoracións, singularmente da Festa da Reconquista, porque parecía xa naquel momento e antes do propio estado de alarma que era desaconsellable calquera celebración que significase aglomeracións sociais e pechamos o paseo do Lagares, parques, pechamos a paseo de Bouzas, algún deles debo dicir que foron peches simbólicos para advertir da gravidade da situación, e foi intentar

concienciar á cidade de Vigo da gravidade, da relevancia e da importancia do illamento e da importancia de estar confinados, algúns deles os tivemos que reiterar xa metidos en estado de alarma porque era certo que detectábamos aínda afluencias singularmente notables nalgúns lugares como poño por caso o paseo de Lagares, acudían dúas, tres persoas en paseo sen ter cobrado conciencia da importancia, da necesidade de manter o illamento e o illamento social en ámbitos públicos.

Mesmo no Concello e o mesmo día 15 de marzo tomamos a decisión de redución toda a presenza no Concello, tanto de traballadores como de cidadáns ás urxencias inaprazables en Rexistro, en Benestar, en Cimiterios e mesmo isto en calquera atención que se requirise aquí tomamos a decisión de que se fixera previa petición telefónica de entrevista, se trababa de preservar o ámbito de saúde dos propios traballadores/as pero tamén dos propios cidadáns que acudiran ao Concello.

Na marcha deste sistema, despois falarei polo miúdo das propias decisións do ámbito do Concello para as propias traballadoras/es, neste ámbito días despois puxemos en marcha o Plan Municipal de Emerxencias e o temos en estado de funcionamento, por si xurdira algunha necesidade dalgunhas das decisións de urxencia relacionadas con cuestións destes planes de emerxencia que puideran xurdir, pero o órgano operativo éralle o Comité de Seguimento da Evolución do Covid-19, do que forman parte ademais do Alcalde os tres tenentes de Alcalde e primeira, terceira e cuarta e o segundo Tenente de Alcalde, ademais da concelleira de Política de Benestar, ademais do concelleiro de Participación Cidadá, formando parte a secretaria da Xunta de Goberno, o Interventor, a Asesoría Xurídica e eventualmente aqueles membros do goberno que considerásemos que tiñan que estar presentes por razóns das decisións a tomar.

O certo que en momentos inmediatos tomamos decisións relacionadas con toda a operación do Concello cara os cidadáns, no mesmo momento no que por parte das autoridades do Estado de Alarma, se decretou e se estableceu o peche das entidades educativas e dos centros educativos, neste mesmo momento nos fixemos o peche, de feito un día antes, das escolas infantís municipais, das escolas municipais, das escolas deportivas, da escola de Arte e Oficios e todas e singularmente da cada unha das instalacións deportivas.

Fomos actuando en tres grandes bloques de operativos, primeiro toda a nosa cooperación para preservar a saúde, aí entra en funcionamento como é natural o ámbito sanitario, tódolos centros sanitarios da cidade, actuacións sanitarias da Xunta de Galicia e actuacións sanitarias dende o goberno de España, pero hai unha parte moi importante de atención relacionada con saúde e sanidade que é o illamento e confinamento, de importancia capital, porque o Estado de Alarma trata precisamente de buscar o illamento familiar ou persoal de cada familia ou de cada cidadán de todo o país, pero singularmente neste caso de Vigo, e nós entramos inmediatamente a garantir o máximo posible o illamento e a ausencia de relación social. Utilizando en primeiro lugar a toda a Policía, os 252 Policías en activo que quedan como persoal imprescindible, facendo advertencias, controis e desafortunadamente nalgúns casos denuncias por violar o illamento e o confinamento dalgúns cidadáns de Vigo.

O papel d Policía Local e debo dicir que tamén da Policía Nacional que fixemos unha operativa conxunta e francamente ben coordinada e eventualmente coa presenza do Exército nalgúns momentos na cidade, contribuíu de forma moi importante á conciencia do illamento. De todos modos debo dicir que a pesares disto houbo máis de 1.000 cidadáns aos que se lle cursou denuncia por rotura inxustificada do seu confinamento, debo dicir que aquí máis que o feito da sanción e do cumprimento da lei que se ten que facer necesariamente, se trataba e se trata de xerar a conciencia, do risco real de presenza inxustificada na rúa ou espazos públicos, algúns foron sintomaticamente significativos pero temos que seguir facendo ese papel que non nos gusta nin aos rexedores políticos nin por suposto ás policía pero que é imprescindible para tratar de manter a conciencia da propia necesidade do confinamento.

O funcionamento en retén permanente do servizo de Bombeiros que ademais da súa propia garda para o que faga falla en relación co seu funcionamento habitual, fixeron labores singulares de descontaminación e desinfección en lugares moi significativos da cidade.

E despois seguiu funcionando Protección Civil, que asumiu algunha función humanitaria que en estado normal de funcionamento da cidade asumía gran parte a Policía Local.

Ao carón diso e no ámbito da saúde unha parte moi importante, limpeza e desinfección da cidade, e aquí debo dicir que tódolos traballadores do servizo de limpeza, de Contenur, de FCC, os propios do Concello, estiveron no funcionamento extraordinariamente intensivo da limpeza da cidade. Vigo é unha cidade limpa pero nesta ocasión se enfeitizou e se funcionou atendendo aínda máis ao sistema normal de limpeza, pero se intensificou entrando nunha fase intensiva de desinfección e descontaminación e se incorporaron 14 equipos de desinfección en funcionamento en quendas de mañá, tarde e noite, facendo desinfección diaria de tódolos lugares substantivamente relevantes, ámbito de centros de saúde, ámbitos de hospitais, non dentro, iso o fixeron os responsables da sanidade, pero no ámbito de tódolos centros de saúde, hospitais, dos lugares dunha certa aglomeración de persoal, e despois a desinfección continúa das rúas da cidade, o funcionamento a traveso de todos estes equipos de descontaminación, utilizando sistemas xa existentes no ámbito da limpeza, como as propias sulfatadoras, os propios cañóns que levaban a pe con alxibes de líquido desinfectante, se montaron cañóns en vehículos para facer desinfeccións á marcha dun vehículo. Houbo días no que se desinfectaron 70 quilómetros de rúas en Vigo, e houbéramos desinfectado o dobre se non houbera vehículos aparcados, por certo que os hai, teñen que estar pero se desinfectou diariamente unha parte importante da cidade, pero ademais e cando digo isto estou a incluír a parte do rural, onde diariamente se desinfectaba por parte dos servizos de limpeza da cidade, todos aqueles lugares dunha certa concentración de cidadás, por exemplo, supermercados, tendas de comestibles, panaderías, en todas esas zonas se fixeron desinfeccións practicamente diarias. Se prestou unha especial atención a todo o ámbito público, escaleiras mecánicas, ascensores, ámbito de cemiterios, desinfección moi importante dos vehículos de Policía Local, cun sistema de desinfección que dura 72 horas pero que se fixo diariamente para asegurar ao máximo esta cuestión, incidentalmente cooperamos coa desinfección dos vehículos da Policía Nacional e unha coordinación que quero enfatizar e quero recoñecer.

Adicionalmente seguir funcionando o transporte urbano de acordo coas características e as circunstancias da situación de alarma porque o certo é que a utilización do transporte público, desaconsellable nestes momentos por unha cercanía inevitable dos cidadáns, pero se desincentivou a utilización de tal modo

que quedou finalmente no 8% do habitual, significa que a o propia oferta de transporte urbano decreceu pero intensificamos de forma notable as liñas de utilización e a separación nos autobuses e aquí volveu a xogar un papel importante a Policía Local e a Nacional que era vixiar que nos propios autobuses se gardaran as distancias de rigor, o metro e medio de rigor, nisto estremamos tanto a atención que nos autobuses de afluencia aos hospitais e singularmente ao Álvaro Cunqueiro que era o hospital de maior afluencia se puxo un autobús oruga e ao carón, detrás, viña un autobús adicional porque tan pronto se superase o cupo máximo establecido que é un terzo, un 30% o establecemos e do aforo habitual, inmediatamente se ían o autobús detrás, debo dicir que practicamente nunca foi necesario utilizar o autobús de respecto, que segue funcionando neste momento, debo dicir que isto o fixemos a instancias de persoal sanitario que nos contactou para transmitirnos a súa inquietude, o certo é que onde se producen as aglomeracións no transporte urbano é fundamentalmente na entrada, no momento de entrar en determinados espazos e no momento de saír, e polo tanto, adoptamos medidas e establecemos vixilancia policial nesa zona e tomamos a decisión de suspensión de pago efectivo, primeiro para evitar o vehículo de contaminación que eran as propias moedas e a cernanía ao condutor, establecéronse mamparas, pero sobre todo para evitar tamén a fórmula de aglomeración nesas entradas. Debo dicir que para o pago efectivo se habilitou en tempo de emisión de tarxetas de pago, do prepago que foron collidas de forma inmediata, e se fixo este pago a través de tarxeta cando xa levaban tres días e practicamente non había ningunha demanda de tarxeta de pago prevo.

Debo dicir que adicionalmente en Taxis se tomaron medidas excepcionais tamén, e quero en ámbolos dous casos recoñecer o traballo, tanto os taxistas da cidade como dos condutores/as de autobuses facendo o seu traballo.

Tomamos a decisión de suspender a XER despois de estar durante tres días observando de que modo funcionaban as rotacións porque queríamos estar seguros de que a afluencia a lugares de traballo de xente que necesitaba aparcamento tódalas mañás para chegar ao seu traballo, que aínda estaba naquel momento en tantas oficinas e nese trabalo máis de sector terciario e tamén do sector de distribución da cidade, observamos que a rotación era certamente moi

reducida e polo tanto, decidimos a suspensión da XER, que aínda continúa en suspensión.

Dánse conta señoras/es concelleiros que isto vai significar indemnizacións tanto á XER como ao transporte público porque a caída do seu contrato significará no futuro unha relación contractual que temos que ver como o resolvermos, cos diferentes modos que o Decreto de Alarma e os diferentes decretos foron poñendo a disposición do Concello.

Tomamos especial coidado en Cimiterios, reforzando ao persoal ata un total de 14 sepultureiros, tratando de prever que no sucederan eventos tan tremendos como suceden noutros lugares de España, pero aquí funcionou na normalidade aínda que coa tristeza e a situación lamentable que houbo que restrinxir inicialmente a 20 persoas os dolos en cemiterios e despois polo decreto de Alarma a só 3.

Tomamos decisións no Zoo en relación cos visitantes e inmediatamente pechamos o Zoo, no primeiro instante, nos parecía que aínda que fora ao aire libre, poderían producirse aglomeracións indebidas, suspendemos tódalas activades escolares xa dende o día 13 de marzo pero se mantén como é natural o coidado inaprazable daquel centro igual na protectora de animais.

En Aqualia, servizo básico fundamental, tomamos medidas extraordinarias e dende logo a primeira que tomamos foi prohibir calquera corte de subministro que o temos pola vía tácita prohibido neste momento, calquera corte de subministro de auga sen que previamente este Concello saiba cal é a situación económica da persoa a que se lle quere cortar o subministro e está funcionando pero tomamos a decisión de suspensión de corte de ningún tipo por falla de pago.

Os traballadores con tódolos sistemas de protección, os dos centros, os 23, unha parte importante están en teletraballo, e inmediatamente tamén o día 14 de marzo decretamos e pechamos tódalas fontes da cidade, esta é unha cuestión singularmente relevante porque nesta cidade hai unha cultura, de acudir a coller auga á fontes e xa ten un risco permanente, xa o ten, nalgún momento etiquetamos e non se responde da potabilidade desta auga, pero o certo é que os cidadáns quitan os carteis e temos que temos poñendo e repoñendo cada dúas horas, precintamos e mantivemos a vixilancia policial para que ninguén acudira ás fontes da cidade.

En Vías e Obras optamos por manter un sistema de emerxencia de reparación, instalación, transporte mecánico, posibles emerxencias que tivera que haber, nesta medida e con estes servizos funcionando fixemos unha contribución permanente e cooperación á preservación da saúde da cidade, pero despois isto se veu cumprimentado con actuación neste propio lugar, ámbito interno do Concello no que tomamos unha decisión de guía, presenza única de todo aquilo que fora absolutamente imprescindible, polo tanto, estancia en domicilios, evitar calquera presenza nos centros municipais que puidera significar calquera contacto e polo tanto, vehículo de transmisión que non fora absolutamente imprescindible, esta foi a filosofía, a tomamos e polo tanto, establecemos un sistema de vídeo conferencias, teletraballo, do cal agora pasarei a dar algunha norma e separación de dous metros de distancia, vos mesmos na propia Xerencia de Urbanismo nalgunhas comisións que se realizaron distancia de separación total, dous metros de separación, observo que o concelleiro non adscrito e o concelleiro de Marea están algo menos de dous metros que é a altura do concelleiro de Marea, que debe medir dous metros polo menos, polo tanto, concelleiro de Marea seguro que calcula moi ben a distancia, está perfecta era unha observación, si porque é unha cultura que temos que establecer dende agora xa, estas distancias continuas pero establecemos e eu debo dicir a modo de exemplo que eu fago unha presenza diaria aquí, pero estou só no despacho, non hai ninguén, a xente que está atendendo o ámbito da Alcaldía, pois é unha persoa, unha persoa en prensa, isto é todo o que hai dun total de 40 ou trinta e tantas persoas, pero é certo e debo dicilo que establecemos teletraballo e déixeme que o diga, está funcionando ben, e quero recoñecerllo aos traballadores/as do Concello porque o teletraballo nos permitiu seguir traballando en moitos lugares porque o traballo normal e habitual e os horarios seguen funcionando, a estes efectos temos por enriba de 400 persoas equipados para teletraballo, de estaf, que pode polo tanto, continuar equipados, adquirimos 224 ordenadores e establecimos o sistema de conexión para o teletraballo ademais de todo o persoal imprescindible, tódolos policía, tódolos bombeiros, técnicos municipais, inspectores, algúns vixiantes, necesidade como dicía de sepultureiros, tódolos desinfectores, hoxe mesmo imos facer unha contratación extraordinaria de dúas persoas para a desinfección adicional porque estamos reforzando de forma continuada ese departamento, pero o fixemos polo

tanto, a norma de presenza mínima imprescindible. Volcamos a atención nos cidadáns, e debo comezar primeiro a través do 010, o 010 está a facer un número inenarrable de atención, e reforzamos o cadro de persoal, a incrementamos no 50% pero ademais establecemos atención os 7 días da semana, como vostedes saben antes festivos, domingos e sábados, os sábados non funcionaban, funcionaban en horarios restrinxidos, establecimos horarios permanente dende as 8 da mañá ás 8 da tarde e agora neste momento a maior parte con traballo domiciliario, establecimos un sistema técnico para desviar as chamadas do 010 e polo tanto, funcionando dende os seus domicilios.

A páxina web recibiu en 30 días 105.000 visitas, que é un número singularmente importante, a APP de Vigo tivo 19.000 usuarios, pero mantemos tamén algunha acción cultural dende a distancia, dende remoto, dende a biblioteca Neira Vilas, Museo Marco, concurso Foto España, e polo tanto, intentamos manter no ámbito cultural funcións de divulgación cultural o cal tamén fixo que esteamos atentos ás melloras informáticas, aos efectos de manter isto de forma continuada no futuro.

Este eran momentos de voluntariado, ademais de Protección Civil e o noso sistema habitual de voluntariado, abrimos un programa específico de voluntariado que recrutou mil persoas en 7 días, mil mulleres e homes que se apuntaron ao sistema de voluntariado, ademais do voluntarios e todas as ONGs adicadas a esta cuestión que están a facer atención telefónica en moitos casos, debo dicir que algúns son psicólogos, que hai titulados médicos con título non recoñecido pero que mostran un certo coñecemento sanitario polo tanto, atenden telefonicamente non a cuestións de saúde, senón a atención normal pero seguramente con algún coñecemento superior ao que poidamos ter ao menos algúns dos que estamos aquí, pero educadores, moita xente de educación que se apuntaron de voluntarios e están a facer esta labor de voluntariado en momentos tan importantes de soidade. Debo dicir para adiantalo que este voluntariado fai pouca asistencia domiciliaria porque a asistencia domiciliaria ten un risco de que require un nivel de coñecemento mínimo para chegar ás casas e segundo require o noso recoñecemento de quen son os que van, polo tanto, unha certa seguridade de que a efectos de pandemia de contaxios se funciona ben pero tamén a efectos de seguridade, de que non entran en portais xentes que non temos aínda constatados quen son e de que forma funcionan, e unha garantía mínima, non hai ningunha

desconfianza social pero queremos manter esa cuestión e polo tanto estamos operando en atención domiciliaria con outro tipo de xente que despois describirei. Moita solidariedade, de donacións de guantes, de mascarillas, de geles, e por exemplo tivemos unha donación moi importante de guantes que nos doou o Instituto Oceanográfico, dos seus sistemas de investigación nos doaron en torno a 10.000 guantes que puxemos en coñecemento da Xunta de Galicia e que nos indicaron que entregáramos na residencia de Barreiro, inmediatamente os entregamos neste lugar. Pero moita donación de alimentos de tantas e tantas empresas, por exemplos das pantallas protectoras que doou Asime de fabricación propia, unha parte importante de solidariedade.

Mantemos dende Mais que Auga un Plan de Saúde que ten 27.000 usuarios para facer deporte na casa controlado telefonicamente por vídeo conferencias, por profesionais, pero despois mantemos activa a oficina de orientación laboral e atención ao emprendedor porque está habendo unha gran demanda ademais queremos mantela activa, está funcionando domiciliariamente e polo tanto, a PIMEs, emprendedores, autónomos e todo o noso programa de axudas para consultas, para interpretación de normativa actual.

E inmediatamente de declarar o estado de alarma e polo tanto, pechar os centros educativos, atopamos un primeiro problema que era coñecido que eran os nenos/as becarios de comedor nos diferentes centros de ensino primario, tanto públicos como concertados da cidade de Vigo, saben vostedes que temos por enriba de 4.000 becas e sabíamos e sabemos que hai un número de nenos e familias que a única comida decente que fan ao día e a da beca do comedor, sabémolo, están detectados e polo tanto, temos un especial coidado con estes nenos/as. E polo tanto, o que fixemos inmediatamente é dicirlle á todas aquelas familias que tiveron unha renda baixa que lle proporcionábamos liquidez para que lle puideran comprar a comida aos seus nenos/as, recibimos e constatamos que había 1.035 familias en situación difícil e inmediatamente lles fixemos un ingreso na súa conta de 50 euros para de aí ter a beca correspondente aos primeiros 12 días, e polo tanto, poder mercar os alimentos das nenos/as.

Inmediatamente detectamos que había 500 familias máis que o necesitaban porque algunha xente con ocasión do estado de Alarma viu diminuír os seus ingresos e despois posteriormente comezamos a ver que comezaba a haber e diso

falarei despois, unha demanda que ata agora non tiveramos nunca, demandas de xentes con emprego que habían quedado en desemprego por diferentes razóns, sobre todo ERTES e quen non cobraban, e neste momento temos adiantado os recursos líquidos e quero agradecer tanto a cooperación do Interventor para podelo facer e por suposto, de todo o ámbito de políticas sociais e de benestar, temos neste momento 2.050 que están a recibir este recursos adiantados a expensas da súa xustificación ulterior que o farán, déixemo que o diga ou non, veremos, pero que non queremos correr ningún risco de que ningunha nena/a desta cidade siga tendo ao menos esa comida, máis de 2.000 becas de comedor líquidas e pagadas, fixemos unha oferta adicional porque hai unhas becas de comedor da Xunta de Galicia, o sistema da Xunta de Galicia era dunha certa rutina administrativa, non a critico só constato, polo tanto nós dixemos que se algún becario da Xunta de Galicia necesitaba recursos llos dábamos igual, que non había limitación neste caso, pero adicionalmente tomamos decisións sobre Servizo de Axuda no Fogar, e fixemos unha demanda, que fixen eu publicamente que toda aquela xente que necesitara calquera tipo de Axuda no Fogar para alimentación e para farmacia que nos contataran inmediatamente sen necesidade de xustificar renda, situación nin posibilidades, queríamos atender a todo o mundo e neste momento e adicionalmente o que facíamos máis de 100 familias, lle estamos a facer a compra, levándolle compra a súa casa, levándolle e facendo a atención de farmacias ou de recados. Como facemos? Facémolo co persoal de atención domiciliaria, persoal especializado, preparado e formado para facer este tipo de actuacións, en Teleasistencia sen ningunha xustificación permitimos que nova xente se apunte, máis de 100 fixeron solicitude de facelo e despois estamos levando a diferentes domicilios comida, menús condimentados, preparados, alimentación feita, estamos a repartir neste momento, despois o contarei con detalle 550 menús diarios, estamos por enriba dos 11.000.

No programa Xantar na Casa igual, con este mesmo sistema queremos altas simplemente con demanda, e houbo máis de medio centenar, damos programa de apoio psicolóxico, algunha xente efectivamente o demandou e facemos acompañamento telefónico. E aquí si que funcionamos utilizando voluntarias/os, fan chamadas, saben que reforzamos o sistema de Teleasistencia, en Teleasistencia o sistema de funcionamento era, as persoas que o teñen demandan

unha chamada e se lle chama nun minuto pero senón cada 4, 5 ou 6 días se facía unha chamada de oficio para saber como estaba, neste momento estamos a facer tres chamadas diarias, senón chaman os que teñen a Teleasistencia nos lle facemos tres chamadas diarias para saber da súa situación e das súas necesidades e ademais acompañamento telefónico a través de voluntarias e de voluntarios. Fixemos un esforzo de manter traballadores/as, cremos que unha parte do noso papel como entidade pública é esforzarnos no mantemento do traballo e dos salarios, e polo tanto, garantindo os postos de traballo por unha parte e salarios pola outra.

E polo tanto, mantemos tódolos traballadores das escolas infantís municipais, da Escola de Artes e Oficios, da aula de estudo de Navia, pero efectivamente ademais é que estas persoas, a maior parte en escolas infantís son profesoras, manteñen un programa telemático de atención cos pais, coas nais, aos efectos de continuar a atención igual, que as escolas municipais e a Escola de Artes e Oficios, como é natural inmediatamente suspendemos o pago das cotas, algúns xa fixeran por trimestre, procederemos a devolvelos ou senón se os que pagaron deciden, se lles descontará en sucesivos recibos de trimestres vindeiros ou nos cursos que eles propoñen. Pero é certo que en tódalas escolas municipais se segue recibindo formación. Mantemos matrículas abertas pero sen prazo limitado tanto para Vigo en Inglés, actuación do próximo mes de setembro, outubro como para as escolas infantís municipais para o próximo curso.

É certo que nalgúns servizos do Concello seguimos por exemplo, empadramento, algúns son imprescindibles e se segue facendo, inmediatamente tomamos a decisión de aprazamento de pagos de impostos con independencia de prórroga deses prazos de impostos. Pospuxemos o pago do imposto de vehículos de tracción mecánica, para que teñan un dato do que significa, en Vigo hai 157.337 vehículos suxeitos a este imposto que se pospuxo e se deu novo prazo o ICIO, Incremento de Valor de Terreos, Plusvalía, liquidamento e fraccionamento de pagos, se pospuxo o pago correspondente a este fraccionamento, se paran os prazos dos recursos e non descarto en absoluto unha nova prórroga no prazo e quero que se saiba publicamente, do pago de impostos porque seguimos en situación de alarma, de dificultade de negocios, de dificultade de recursos e polo

tanto, falarémolo no comité de seguimento pero non descarto en absoluto prorrogar eses prazos.

Despois fixemos unha atención moi importante a cidadáns vulnerables, primeiro persoas sen fogar, saben vostedes que nós temos un albergue municipal con orzamento de case 1 millón de euros anuais e ademais temos conveniado coa Fundación Santa Cruz, outras 40 prazas de albergue, polo tanto, mantemos permanentemente, aproximadamente unhas 80 prazas en albergues municipais, no albergue municipal, ademais de almorzo, comida, cena, servizo de día, atención, duchas, etc. o que vostedes xa coñecen. Pero fixemos unha labor co servizo de día, co apoio de Policías que foi detectar todas aquelas persoas ben sen fogar ou que estaban en situacións e utilizando edificios moitas veces en estado moi deficiente, sen ser vivenda propias, e que tiñan algún modo de vida, dende moverse polas rúas solicitando apoio, ata facer algunha exhibición artística no medio dunha estrada, que todos recoñecemos que de repente iso desapareceu, esa forma desaparece, porque non poden estar nas rúas nin teñen ese mecanismo; entón os contactamos e ao final acabamos contactando aproximadamente a 150 persoas sen fogar, que fixemos? Primeiro o albergue municipal, o albergue Santa Cruz, e recrutamos 5 hoteis para darlle habitación e facerlle o illamento e que se fai nos dous albergues, en Hotel Mar, Hotel Estación, Hotel Casablanca, Hotel Porta do Sol e Hotel Lar para dar acomodo, unha vez feito isto e tendo en funcionamento ese acomodo, detectamos que era preciso aínda buscar aínda máis espazo, entón habilitamos, tamén pola vía da emerxencia, o pavillón do Berbés, 50 prazas e temos outro pavillón que nin tan sequera vou a dicir o seu nome, témolo preparado por si fixera falla, neste momento estes recursos están sendo suficientes, digo que non folgadamente suficientes, pero temos aínda unhas 15 prazas dispoñibles, significa que non imos a poñer en funcionamento o novo pavillón pero o temos preparado, equipamento preparado e polo tanto, en 12 horas seríamos capaces de poñer en funcionamento un segundo pavillón.

Intensificamos as axudas de emerxencia e para que teñan unha idea de que derepente o que vostedes coñecen ben que non estou a contar nada que non sexa de coñecemento de tódolos que estamos neste Pleno presencial ou en situación remota, dende que se iniciou este estado demos 3.671 a día de onte, seguramente onte demos máis pero non o teño rexistrado, axudas de emerxencia, e debo dicir,

non hai límite orzamentaria para esta partida, todo o que sexa preciso incluír aquí o faremos.

Debo dicir que apareceu un novo tipo de usuario, por usar a expresión tipo que non pasara nunca, que son familias con emprego, con salario e que de repente se viron unha ou dúas persoas da unidade familiar que eran os que exercían os seus salarios, se viron sen emprego fundamentalmente por ERTes e co atraso burocrático de cobrar os ERTes están sen liquidez, non teñen un céntimo na casa e polo tanto, fan e nos chaman dicindo que eles non queren ser usuarios de servizos sociais pero que non teñen alternativa, sen ningunha comprobación só con saber que están en ERTE os estamos atendendo, con toda a dignidade que facemos con todo o mundo e como debe ser, pero é un novo tipo de usuario que debo dicir que despois falarei diso, puxen en coñecemento do goberno de España, porque efectivamente non está sendo un ou dous casos, están sendo bastantes casos, normal, os que estamos na rúa sabémolo, a xente vive ao día e tan pronto che falla o teu salario durante un tempo, te atopas sen capacidade de facer o teu abastecemento substancial de alimentación, debo dicir que en toda esta liña, en tódalas que vou contar, repito, non hai límite orzamentario, temos recursos nesta cidade e estou disposto, coa colaboración de tódolos técnicos do Concello a facer provisión orzamentaria para atender preferentemente a toda esta liña. Repartimos tarxetas de alimentos e saben vostedes, a tarxeta da solidariedade para que a xente poida ir a mercar a supermercados coa súa tarxeta de crédito e igual que facemos os que temos a fortuna de ter un salario e uns ingresos mensuais. dende que estamos en Estado de Alarma repartimos 750 novas tarxetas de alimentos que recargamos como é natural dende o Concello.

O sistema de Axuda a Domicilio para comprar alimentos a persoas vulnerables faise sen ningunha comprobación, simplemente atención e crédito e crenza na aseveración de que non hai recursos.

En Servizo de Axuda a Domicilio damos tódalas altas de forma inmediata, debo dicir que apareceu unha nova demanda que son persoas positivas en Coronavirus, con illamento domiciliario que necesitan que lle leven alimentos a casa, entón deseñamos un esquema con garantías para as persoas que o levan pero tamén atendemos levando alimentación a persoas que non necesitan internamento hospitalario nin necesitan estar en ningún ámbito de SERGAS ou de lugares

similares pero que poden ter algunha necesidade e cooperamos de forma activa con eles.

En Servizo de Axuda Domiciliaria demos bastantes novas altas, por enriba dos 34 e fixemos como lle dixen reforzo de Teleasistencia, pero apareceu un novo problema na cidade, o problema era a xente que acudía a comedores sociais e que acudía a recoller alimentos en ámbitos sociais, saben vostedes que a inmensa maioría por non dicir todos, están subvencionados dende este Concello, pero que significaba estancia na rúa, colas e aglomeracións indebidas, entón dende o Concello montamos un sistema de reparto de comidas de xente que acudía a comedores sociais ou doutras características pero que o necesiten levándolle a comida aos seus domicilios, estamos repartindo neste momento 600 menús por día en promedio, dos cales un número deles, preto de 300, proceden de Misioneras del Silencio, deixeme dar o nome de Sor Fernanda, e do Hogar San José, Casa de Caridad, de Sor Guadalupe que fan a cociña, o cociñan, méteno en tuppers nos o recollemos alí e os levamos aos domicilios das persoas que o usan. Pero facemos o mesmo dende o comedor do albergue municipal, cociña moi por enriba da xente que toma xantar alí, os recollemos con servizos do Concello, con medios móbiles do Concello e o levamos aos usuarios, a aínda así non foi suficiente, a nova xente que se incluía obrigou a que tivéramos que contratar un catering porque xa non había posibilidade de cociñar para máis usuarios e entón contratamos por sistema de emerxencia un catering que fai 200 menús ao día, este sistema está plenamente operativo, debo dicir que a pesares de ser moi complexo porque non é fácil repartir 600 menús ao día, está funcionando francamente ben, demos 50 novas altas de Xantar na Casa e mantemos moita atención ao programa de infancia á familia, saben vostedes que son aqueles nenos que están en familias en situación difícil e polo tanto mantemos unha intensa vixilancia dende os servizos de protección social para que estean debidamente atendidos.

Lles dicía, apoios psicolóxicos á xente que os demanda e formamos, contribuímos a unha campaña de recollida de alimentos para comedores sociais, funcionou francamente ben, se recolectaron máis de dúas toneladas de alimentos e polo tanto, a mesma solidariedade da cidade que propuxo. Despois apareceu unha nova demanda que debo dicir que noutros concellos e España non se está atendendo e lle están dando negativa por resposta pero eu crin que nós tiñamos que cooperar

ao máximo coa resolución desta pandemia e co sistema sanitario que foron lugares de confinamento e illamento de positivos propostos e dotados polo concello para persoas que ou ben non fora recomendable que volveran aos seus domicilios ou ben porque non tiñan domicilios e como vostedes ben saben porque foi público, eu falei co bispo e pedín que nos deixaran as instalacións do seminario, foron concedidas inmediatamente e puxemos en funcionamento unha nave do seminario, 16 habitacións individuais con baño pero houbo que dotalas, preparar aquilo para recibir positivos que nos desprazaran dende o ámbito sanitario, foi unha demanda que nos fixo o SERGAS, que nos fixeron dende os hospitais de Vigo, a Xerencia dos hospitais, a puxemos en funcionamento e a parte temos outro adicional con seis prazas noutra zona da cidade preparado para acoller a todos aqueles positivos que poidan provir dos nosos sistemas de acollemento de persoas sen fogar, pois supoñan que aparece un positivo nun hotel pois hai que rapidamente illalo e temos un dispositivo preparado, afortunadamente por agora non foi preciso utilizar ningún dos dous pero están os dous preparados para afluencias, se fora o caso, oxalá non sexa preciso, dalgún positivos que seguira nalgún dos nosos ámbitos para confluilo e illalo inmediatamente ou todas aquelas persoas que houberan tido relación con el nas corentenas ou os que nos deriven o sistemas sanitarios, singularmente o SERGAS.

E por último, pero debo dicir que importante mantemos unha atención permanente e vixilancia sobre violencia de xénero, primeiro con atención 24 horas ao día, segundo, co funcionamento permanente do Centro de Atención Integral, con atención psicolóxica e atención personaliza a cada unha das persoas con todo o asesoramento xurídico, apoio social, atención psicolóxica porque como todo o mundo, como a sociedade somos conscientes de que estes confinamentos son momentos de recrudescemento, dramaticamente das cuestións de violencias machistas.

Por último dende esta Alcaldía e relacionado co conxunto dos concellos de España, debo dicir que como presidente da FEMP, como Alcalde de Vigo tamén, eu manteño a permanente relación co goberno de España, co Presidente, coa Vicepresidenta primeira, co Vicepresidente segundo, coa Vicepresidenta terceira, coa Vicepresidenta cuarta, ademais dos ministros/as de Facenda, de política territorial, de Seguridade Social e con un sen fin, un sen número de secretarios de

estado para manter a coordinación permanente e para facer a suxestións nas diferentes decisións que se van tomando e singularmente nas áreas de política social, pola nosa atención directa e permanente. Debo dicir ademais que dende a FEMP mantemos unha situación permanente de reunión de tódolos grupos que conformamos a Federación Española de Municipios e Provincias, en relación telemática que son practicamente tódolos grupos políticos do país en conxunto e polo tanto estamos neste contacto para manter e como vostedes saben para facer público primeiro, unha declaración institucional pero segundo, un paquete de medidas que temos solicitadas, entre os que están algunhas moi significativas, primeiro, queremos utilizar o superávit dos concellos con liberdade de utilización, de momento temos unha autorización para utilizar o 20% do superávit en política social, coa limitación de manter o equilibrio orzamentario, o interventor do Concello ten que manter unha visión de equilibrio orzamentario para poder utilizar ese 20% que no caso da cidade de Vigo, que tivemos uns 19 millóns de euros de superávit, estamos en posición de utilizar para gastos sociais 3.800.000 euros pero condicionados ao mantemento de equilibrio orzamentario, queremos poder utilizalo sen necesidade de garantir o equilibrio orzamentario no ano 2020, porque algúns ao mellor o conseguimos pero outros non o van a conseguir. Polo tanto, cremos que ese gasto se poda facer e utilizar en condicións de liberdade de decisión, pero ademais queremos utilizar o 80% restante, pero ademais sabemos que hai remanentes e nós queremos utilizar eses remanentes na cooperación do ámbito da resolución desta pandemia e dos problemas globais de país e estamos facendo esa aseveración de forma continúa, fixemos como vostedes saben ben, toda unha batería de suxestións en relación cos funcionamentos dos concellos e un paquete de medidas con 17 medidas acordado por unanimidade por tódolos membros do goberno da FEMP.

E fixemos unha demanda de provisionamento do material para tódolos ámbitos municipais, para toda a cidadanía, para tantos lugares en que isto estaba a pasar. É certo que hai un grave problema en tema de desabastecementos de medios en todo o mundo, non estou a dicir nada que non saibamos todos, e algúns que crían ser capaces de fretar un avión en dous días, pois non é posible e eu non fago ningunha crítica, algúns crían que era posible pero non é posible, nós intentamos e quero dicilo aquí, eu intentei comprar directamente con provedores de fontes de

abastecemento de China pero non tiñan a máis mínima garantía, e sospeito que algún eran incluso estafas e polo tanto, a posibilidade de adquirir material non é unha cuestión monetaria é unha cuestión de saturación de todo o mercado como estamos a ver en tantos e tantos países do mundo. Pois nós seguimos dende a FEMP transmitindo ás diferentes administracións que queremos ter abastecemento dos diferentes medios pero é certo tamén que o facemos sabendo que hai unha inmensa dificultade a estes efectos en todo o mundo e ademais debo dar a miña opinión nesta especie de carreira de todo o mundo intentando de comprar pola súa conta o que contribúe é a elevar os prezos e facer que o mercado se volva máis inalcanzable e polo tanto aí sería bo que todos fixéramos unha delegación de compradores únicos e que se repartiran con criterios razoables e non tivéramos que estar a ver quen chega o primeiro, nós no ámbito municipal neste momento, hoxe mesmo acabamos de aprobar unha compra para o persoal máis de risco deste Concello e está garantido o seu abastecemento.

E este é o resume que quería facer, teñen que desculpar se me alonguei demasiado pero creo que o momento o require, pero quero rematar primeiro agradecendo a tódolos traballadores deste Concello e das empresas e dos que manteñen relación con nós, o seu traballo, a todos, os que están a facer traballo domiciliario pero os que están en situacións de primeira fila, en primeira liña coa situación de risco a atendendo e estando preto de persoas que están en confinamento, illamento pero en conxunto a todos/as, aos servizos básicos da cidade que nos manteñen no provisionamento das cuestións que damos por garantida como a auga, a limpeza, a desinfección, quero agradecerlle ao servizos sociais, á Policía Local como é natural porque é a nosa propia pero tamén á Policía Nacional, tamén ao exército na súa cooperación, quero agradecer de forma moi importante aos sanitarios, aos que saímos a aplaudir cada día ás 8 da tarde porque están a asumir o seu traballo máis aló da propia obriga profesional, cunha adicación persoal e de atención á xente certamente rexeseñable, en nome do meu propio pero en nome de toda a cidade lle quero agradecer pero quero agradecer a tanta xente que fai tantos traballos na cidade, cando imos ao supermercado, a xente que nos atende alí, que están en primeira fila, ou cando imos a panadería ou cando imos a froitería, cando facemos a compra que hai que facela cada moitos días e a ser posible cada semana ou así, para non estar moito tempo nas rúas pero

quero facer ese recoñecemento e llo quero facer aos cidadáns, aos que estamos nas casas, estamos confinados, aos máis cativos que están nos seus domicilios cos pais, coas nais, coas familias pero a todo o mundo porque eu quero recoñecer o extraordinario comportamento desta cidade, en todo, sabíamos que ía ser así e sabíamos que a cidade ía responder. As sinais e que nos din os técnicos e as autoridades sanitarias sinalan que estamos na meseta do nivel de contaxio, e que polo tanto, comezamos a diminuír a velocidade de crecemento, que é a taxa clave nestes termos, pero dramaticamente pois seguen falecendo persoas en tanto haxa un só falecemento seguiremos preocupados e atentos, pero segue habendo contaxios e polo tanto, eu creo que a mellor mensaxe para dar é a de moita atención, moita precaución e a garda levantada porque a pandemia está aquí aínda e polo tanto, ningunha confianza e ningunha relaxación das medidas que nos vaian indicando as autoridades sanitarias, eu creo que este non é o momento de debates políticos, non é o momento de discutir decisións, é o momento de cooperar, de dar opinións e créanme que eu dou bastantes opinións onde as debo dar e a quen as debo dar, dende a lealdade absoluta porque este momento de lealdade, de cooperación e déixeme que lle diga a tódolos voceiros dos grupos que eu agradezo ter elixido esta fórmula de Pleno, eu abrín a posibilidade de facer un Pleno normal pero creo que este era o Pleno que había que facer e polo tanto, quero agradecer o nivel político e o nivel que os grupos que compoñemos este Pleno estamos dando e me gustaría que seguíramos así neste momento e nesta situación, porque cando hai xente que padece tanto, e que está a sufrir tanto nós temos que estar a altura das circunstancias, cun inmenso dor persoal polos cidadáns de Vigo que están a sufrir pero tamén dende a conciencia de que nos temos que manter o estado de ánimo, que tratar de manter a forza da cidade, de lanzar medidas que os cidadáns entendan tamén como acopio de forza e marchar conxuntamente.

E isto era o que quería dicir, abrimos unha quenda de grupos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu quero principiar en nome do Bloque Nacionalista Galego trasladando a nosa solidariedade, reiterando a mensaxe de afecto que xa se trasladou por parte do Alcalde ás persoas afectadas e ás familias dos falecidos e expresar tamén o recoñecemento á labor das traballadoras/es dos servizos

esenciais e singularmente principiar polos do propio Concello e as súas concesionarias, queremos recoñecer tamén o comportamento absolutamente exemplar que está a ter a cidadanía de Vigo neste contexto extraordinario de emerxencia sanitaria máis tamén de enormes complexidades do punto de vista social e dende logo tamén queremos singularizalo nas máis pequenas/es e eu como pai non podo evitar facelo pensar precisamente nese comportamento que aínda é máis exemplar das nosas nenas/os da cidade. Dende o Bloque Nacionalista Galego valoramos positivamente as actuacións que se teñen desenvolvido por parte do Comité de Seguimento Municipal do Covid-19 que nos entendemos permitiron anticipar a resposta para salvagardar a saúde pública, garantir polo tanto o elemento tan fundamental como é a saúde, unha actuación que insistimos nós valoramos positivamente e parabenizamos e que contrasta coa insuficiencia e coas deficiencias doutras administracións, do propio goberno do Estado e singularmente da Xunta de Galicia, hoxe non é o día para valoralo, máis infelizmente moito imos ter que falar desta cuestión.

Neste sentido queremos recoñecer e o facemos de maneira expresa o traballo feito polo goberno municipal e agradecer a interlocución institucional que se ten aberto con tódolos grupos da oposición, con tódalas formas políticas que facemos parte desta corporación municipal e que nos permitiu ao Bloque Nacionalista Galego colaborar de forma leal, achegando en positivo pois ao redor de 60 propostas a ese comité de seguimento. Dende logo, Alcalde, concelleiros/as do goberno poden ter a seguridade de que poderán seguir a contar coa colaboración leal, propositiva do Bloque Nacionalista Galego neste contexto.

Mais unha vez que superemos a emerxencia sanitaria e oxalá sexa axiña, rápido e cos menores custes posibles, o certo é que a nosa cidade vai a enfrontar unha situación moi complexa nos termos económico, laboral e tamén social, neste sentido nós unicamente si que queremos expresar unha certa preocupación polas condicións nas que se están a materializar algúns ERTes mesmo nalgunhas concesionarias municipais como é o caso de Vitrasa ou a recadación executiva, sabemos tamén que non é unha cuestión de competencia municipal mais si que queremos trasladar a nosa preocupación e noso apoio tamén as traballadoras/es neste sentido. Diante desta complexa situación social, económica e laboral que se vai abrir con toda a seguridade a post, superamos a emerxencia sanitaria o Bloque

Nacionalista Galego o que defendemos é que hai que despregar con audacia, con determinación, con todo o compromiso, medidas que eviten a consecuencias desta crise recaian máis unha vez, nas clases populares e traballadores aprendendo da lección do ano 2008 e dende logo o noso propósito é contribuír a facermos do Concello de Vigo a primeira liña de protección e coidados do pobo, a primeira liña de protección da veciñanza diante destas dificultades e por iso queremos tamén neste Pleno trasladar, propoñer unha serie de liñas de actuación que entendemos que deben ser consideradas por parte tamén do goberno municipal para fortalecer e robustecer os mecanismos que xa se teñen posto en marcha e dende logo para estender aínda máis os esforzos que se están a realizar a administración municipal e o que Bloque Nacionalista Galego recoñecemos.

En primeiro lugar, entendemos que é fundamental poñer en marcha un plan de protección social que pivote sobre algunhas medidas clave, en primeiro lugar hai que estender no tempo, polo tempo que fora necesario os dispositivos extraordinarios dos que ven de dar conta o Alcalde a respecto da atención da poboación sen teito ata que dispoñamos de dotacións estables suficientes e do reforzamento do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social, é necesario tamén promover, na nosa opinión, unha nova convocatoria extraordinaria do chamado cheque social, do programa municipal de axudas extraordinarias a familias contras desfaizamentos para subministros e para alimentación e para iso nós o que propoñemos é que se modifiquen os requisitos e criterios das súas bases para facer que estas axudas sexan aínda máis accesibles, que permitan axudar a máis familias e dende logo, aumentar as contías das dotacións económicas das axudas que reciben estas familias nun contexto como ben se apuntaba de enorme incerteza e de dificultades a nivel económico, social e laboral. Hai que aumentar a dotación económica das axudas de emerxencia social e nese sentido saudamos que non se lle poña límite orzamentario, cremos que tamén é importante seguir a aumentar a dotación do servizo de Axuda no Fogar, na liña do que xa se ten iniciado e que dende logo nós tamén recoñecemos positivamente o traballo que se está a desenvolver por parte da área de Benestar Social do goberno municipal para atender non só as necesidades presentes senón as necesidades que virán despois de que se poña fin ao confinamento, haxa unha incorporación completa á actividade económica e laboral, prestándolle especial atención ás persoas de

maior idade e por último, hai que continuar a reforzar mediante tódolos os medios legalmente habilitados o persoal dos servizos de Benestar Social que se están a atender unha evidente sobrecarga da demanda deste tipo de servizos e que están a desenvolver as traballadoras/es deste servizo unha excepcional labor pero que requiren de máis reforzo tal e como xa se ten iniciado nas últimas semanas.

Mais para alén da cuestión social si que dende o Bloque Nacionalista Galego xulgamos que é importante anticiparnos tamén aos efectos do punto de vista económico e por iso queremos propoñer a posta en marcha dunha estratexia de promoción económica e do emprego que inclúa entre as súas medidas algunhas cuestións que nós parecen de enorme necesidade e que terían unha grande capacidade de intervención neste sentido, en primeiro lugar, redimensionarnos os programas do Plan Municipal de Emprego duplicando a súa dotación orzamentaria nun escenario no que se prevé é un aumento exponencial do paro, cremos que que é para apoiar o tecido económico e singularmente o tecido comercial da nosa cidade é preciso que se habiliten liñas de axuda directas a autónomos, ao tecido comercial e a pequena e mediana empresa que estivo afectada, que está a ser afectada economicamente pola crise do coronavirus por importe de ata 1.500 euros, e adicionalmente a esa axuda directa de liquidez, dende logo, entendemos que sería moi positivo que o goberno municipal promovese a través do convenio con algunha entidade financeira a habilitación dunha liña de crédito, de micro créditos municipais destinada especificamente ao pequeno comercio que forneza de préstamos sen xuros de ata 5.000 euros a devolver nos próximos 5 anos, estas dúas medidas, a axudas de liñas directas mais tamén esta proposta de micro créditos municipais que son actuacións que xa se están a asumir e a realizar por parte doutros concellos mesmo en Galicia, nós entendemos que serían instrumentos moi útiles para facilitar a necesaria liquidez que permita reanudar a actividade comercial, desafogar o tecido do pequeno e mediano comercio que é como ben se sabe, vive tan ao día ou máis que o conxunto da poboación e así nolo teñen traslado as asociacións de comerciantes. Creemos ademais que hai que ir para alén da modificación do calendario fiscal, nós cremos que é pertinente valorar a modificación das ordenanzas fiscais municipais deste exercicio para habilitarmos con carácter extraordinario bonificacións e prazos aprazados sen recargo ao longo do ano natural como mínimo no que ten que ver co IBI, co recibo da auga ou coa

taxa da recollida do lixo, precisamente para rebaixar a presión fiscal nun tecido que vai pasar unha situación moi complexa.

Hai que acordar tamén a través da reactivación da mesa local do comercio coa participación polo tanto do conxunto das asociacións de comerciantes as medidas necesarias para a promoción do consumo no comercio local, o pequeno e mediano comercio é o que dinamiza a cidade é o que vertebra os nosos barrios e parroquias, é o crea emprego estable e duradeiro e entendemos por último que é tamén moi importante despregar un plan de continxencia específico para a protección do tecido e da industria cultural desta cidade que contando cos diferentes axentes, cos colectivos tamén garanta a continuidade dunha actividade que é estratéxica para a nosa cidade.

E para ir concluíndo concelleiras/os entendemos que hai que seguir avanzando en medidas que superan a cuestión do ámbito municipal e dende logo, subscribimos completamente a demanda que facía agora o Alcalde en relación a que se habilite a utilización plena e libre dos remanentes de Tesourería de dos excedentes orzamentarios, cremos tamén que o goberno municipal ten que seguir a exercer un control exhaustivo en tódolos servizos que dependen do Concello para asegurar que no seu funcionamento se garanta as plenas medidas sanitarias preventivas sabendo como sabemos das dificultades que hai para a adquisición dos EPIs, máis tamén cremos que hai que instar á Xunta de Galicia a que se garantan tódolos medios necesarios para o persoal sanitario fronte a este emerxencia sanitaria e dende logo para entender que neste contexto vai ser máis necesario que nunca reverter a política de recortes e de privatización que se ten aplicado contra a sanidade pública, singularmente na nosa área sanitaria e a Xunta de Galicia debe de inmediato proceder ao reparto dos créditos extraordinarios establecidos no Real Decreto 8/20 entre as entidades locais, comunicando tamén con que criterio se quere facer, urxe que o goberno español tome a determinación de derogar as chamadas leis Montoro que o único que fixeron foi afogar a administración municipal que é a administración máis próxima, é a primeira porta na que petan as cidadás e dende logo nós entendemos que é o momento de dar paso a ese tipo de medidas.

Reiterar, para concluír, a disposición do Bloque Nacionalista Galego a seguir a colaborar como estamos a facer non só neste Concello senón a tódolos niveis

institucionais, con propostas en positivo, con maior ánimo construtivo, agradecer a interlocución aberta e dende logo desexar que a próxima sesión plenaria a poder ser, poidamos vernos todos/as presencialmente e teñamos superado esta pandemia.

SR. PÉREZ CORREA: Tanto aos concelleiros que estamos aquí no Pleno como aos concelleiros que están nos seus domicilios que é unha situación atípica é que esperemos que no seguinte Pleno poidamos estar todos aquí presentes.

Nós queremos primeiro trasladar unha mensaxe eu creo que de agradecemento, antes de apoio que efectivamente temos que darllo, pero agradecemento á sociedade viguesa que creo que colectivamente está a ter un comportamento exemplar, un comportamento ademais despois dun mes de confinamento de moitas familias, incluso familias que moitas veces esquecemos o que supón confinamento nas infravivendas que seguimos a ter, en vivendas de características moi diferentes seguro que a todas as vivendas que temos os concelleiros/as de Vigo e ademais creo que a sociedade viguesa se este ano nalgún momento se fai unha gala de vigueses distinguidos creo distinguido hoxe en día é a sociedade viguesa, creo que merecerían un aplauso colectivo como cidade porque o esforzo está a ser grande e que creo ademais que é un esforzo que se está levando moi ben, independentemente desas sancións que se poñen enriba da mesa, o comportamento está sendo exemplar. E como durante este mes todos tivemos tempo tamén para reflexionar tamén pensar cal é a opción política, que podemos achegar os cargos institucionais, que podemos achegar nunha situación incluso de cuestionamento da política, en moitas ocasións nas crises se cuestiona a política, eu creo que o os concellos están sendo precisamente o exemplo de como deben actuar as administracións e como deben actuar os grupos políticos estean no goberno ou na oposición, a min me descorazona os debates que se abren no Congreso, que se abren incluso en moitos parlamentos autonómicos pero me esperanza a función social, a función mediadora e incluso a capacidade de empatía que están a ter os concellos e o digo para que tamén despois desta situación ou desta crise poñamos en valor aos concellos por moitas das cuestións que eu quero verbalizar e ademais aí creo que é evidente que no Concello de Vigo foi un dos primeiros concellos que tomou medidas, creo que foi un dos concellos

nos que a oposición foi escoitada, nos fixemos propostas e moitas delas foron tidas en conta e aplicadas e creo que ademais é de honra por parte dos grupos da oposición valorar que as propostas se canalizan e que nunha situación obviamente non esperada e que obviamente soporta pouca crítica no sentido de que as administracións, claro que non estaban preparadas para unha cuestión como esta, e creo que ademais a función política da oposición é non facer o que para min, ademais a miña tradición política é unha das peores prácticas políticas que é o oportunismo e o oportunismo nestes momentos é quizais a opción política menos agradable para enfocar o que temos que solventar, polo tanto, nós agradecemos ao Alcalde, ao grupo do goberno que sempre estivemos informados permanentemente, que as nosas propostas se puideron poñer enriba da mesa e ademais especialmente eu quero agradecer ao traballo dos concelleiros do grupo de goberno que sei que foi un esforzo titánico e quero agradecer especialmente o traballo da concelleira de Servizos Sociais, porque por desgracia nos atopamos cos servizos sociais dos concellos completamente constreñidos e é imposible, non hai concello neste país, sexa da cor que sexa que sexa capaz de asumir por exemplo os miles de vigueses/as que traballaban en negro, e que da noite a mañá xa non teñen un salario e son efectivamente moitos deles usuarios iniciais dos servizos sociais, iso é imposible, é dicir, nos saíu o 24% do Produto Interior Bruto que se manexa en negro, nos saíu directamente as portas dos concellos que foi a primeira administración que en moitos casos tivo que actuar. E aí abrimos debates e seguramente creo que son debates absolutamente centrais que estivemos durante anos discutindo que é o uso do superávit, o uso do remanentes do concello e hoxe en día nos atopamos que hai 24.000 millóns de euros nas contas bancarias dos concellos que non podemos empregar, e iso, podemos falar do que todo o que queremos facer, das medidas que eu tamén desgranarei, as propostas que fomos rexistrando, que son absolutamente esenciais pero senón podemos financiarlos e senón é un actitude proactiva para financiarlos, imos a ter un serio problema as administracións, sei que non vai a ser así, sei que se está avanzando, non só en poder desbloquear o superávit do concellos deste ano, senón tamén desbloquear os remanentes de Tesourería, hai concello como o Concello de Madrid que chegou a ter 1.000 millóns de euros nos bancos e realmente desbloquealos sería unha parte importante das solucións que nós queremos propoñer, pero que tamén hai

unha parte importante do superávit que segue aínda con esa apostila de financeiramente sostible, para min non hai nada máis sostible hoxe en día que dar directamente ingresos bancarios a comercios e familias, liquidez inmediata, que hoxe en día por desgracia o criterio de Montoro que aínda con algunhas modificacións que se foron facendo co cambio de goberno, aínda segue sendo un criterio maioritario dentro desa Lei de estabilidade e sustentabilidade das administracións públicas, é financeiramente e economicamente sostible para Vigo dar axudas ao comercio local, dar axudas á hostalería e dar axudas ás familias, porque o criterio que marcou a Unión Europea con ese criterio de financeiramente sostible acaba de rebentar absolutamente no propio marco da Unión Europea que a Unión Europea creo que non está pensando nin en Italia, nin no estado español, está pensando nunha dinámica completamente diferente que dende logo non é a que necesiten os pobos de Europa, polo tanto, non sigamos os criterios da Unión Europea, busquemos un mecanismo que nos permita utilizar, xa digo, son 24.000 millóns de euros que se di pronto pero que sería unha parte importante das solucións que hai poñer enriba da mesa e ademais nós valoramos que o Concello de Vigo, dende case dende o día 12 hai unha serie de medidas xa de maneira inmediata que se comunican a través de paquetes de medidas e creo que algunhas delas son case iluminación para o resto dos concellos, hai concellos que tomaron medidas que tomou o Concello de Vigo en primeira instancia e grandes concellos e que ademais nós falando cos nosos grupos municipais, nos recoñecen que se tomaron un pouco ao rebufo do que facía o Concello de Vigo e iso eu creo que tamén é unha opción de liderado, non é unha cuestión da presidencia da FEMP senón que tamén moitos concellos deste país se miren nas medidas que se van tomando; e nós nese sentido creo que esas medidas si que foron durante moito tempo medidas centradas no ámbito local e nos gustaría que seguíramos traballando niso, non convertamos os paquetes de medidas cada vez máis nun tira e afrouxa coa administración neste caso a Xunta de Galicia, que cremos ademais que hai que facelo e imos a ter tempo e eu ademais agradezo que nós fixemos unha proposta na Xunta de Voceiros de que este Pleno fora así, de que fora un Pleno sen mocións porque xa nos coñecemos todos/as e cando imos coas mocións imos coas mocións para disparar contra outros, contra o goberno, contra a administración autonómica, contra espazos de debate ou espazos administrativos

ou espazos institucionais que non nos corresponden agora, que non nos corresponde efectivamente ao goberno local dar conta das medidas que se tomaron e á oposición facer propostas e incluso criticar se consideramos que hai que criticable que cremos ademais que non é o momento, porque buscaríamos un mecanismo como digo de oportunismo político porque a toro pasado todo o mundo sabía cando había que pechar o país, todo o mundo sabía cando había que tomar as decisións, todo o mundo sabía, onte no Congreso dos Deputados o mesmo deputado do Partido Popular que dicía á ministra de Traballo o día 4 marzo que o seu manual para pechar empresas era un absoluto disparate e estaba acusando de non tomar decisións en canto ao peche de empresas, é dicir, todos sabemos as cousas que hai que facer cando se producen no tempo, creo que iso neste Concello afortunadamente non está a pasar e creo que tamén a unha cidadanía confinada lle transmite tranquilidade, estamos nunha situación que a xente precisa tranquilidade, que a xente precisa consenso dío o CIS de maneira maioritaria, e ademais o CIS de onte di unha cousa que tamén nos tería que facer reflexionar, a cidadanía pide consensos pero o 90 e pico por cento da cidadanía cree que non se van a dar eses consensos, quere consensos das forzas políticas pero desconfía na capacidade das forzas políticas de buscar eses consensos e iso é o grave e creo que tamén as crises nunca son boas pero na cuestión da reflexión da práctica política, de ética política e de moitas cuestións que durante meses, anos estivemos debatendo nos plenos en organismos políticos das nosas organizacións, creo que agora cobran maior forza.

Nós estamos de acordo coas medidas iniciais, cremos ademais que algunhas delas que ao principio parte da cidadanía non entendía, creo que ao final se demostraron como as únicas medidas útiles para garantir a cuestión esencial disto, claro que hai unha dimensión económica que cada vez é a dimensión económica que vai tomando a medida que pasan os días e que vai tomando máis relevancia que é a cuestión sanitaria que durante moito tempo calquera persoa que revisa as hemerotecas hai dúas semanas, incluso menos de dúas semanas nós estábamos convencidos de que ía colapsar todo o sistema sanitario, absolutamente a capacidade de resposta da sanidade, nós sabemos que os problemas seguen, que a realidade sanitaria é a que é pero cada vez os veciños/as están cada vez máis preocupados en como vai a ser o día despois de que saiamos do que está sendo o

confinamento, do que está sendo as cuestións máis difíciles de levar do estado de alarma, nós pensamos que obviamente o estado de alarma pode continuar e que determinadas políticas poden relaxar, non ten nada que ver a continuidade do estado de alarma con que se vaian quitando algunha serie de medidas. Nós estamos de acordo na paralización de servizos municipais, creo ademais que hai concellos que o fixeron moi ben, non me custa dicir, por exemplo, que o Alcalde de Madrid chamou as organizacións sindicais e que tamén chamou ás empresas concesionarias e conseguiu parar por exemplo, todo o que é a actividade municipal sen que houbera expedientes de regulación de emprego, e iso tamén o fixo Concello de Vigo, maioritariamente se conseguiu facer paralización do servizo e polo tanto, como di Real Decreto e como está dentro tamén dos contratos da Lei de contratos públicos pois a indemnización a realiza o Concello. E nós o que pedimos nesta cuestión é vixilancia porque temos xa constatado empresas que con suspensión do servizo e polo tanto, que teñen garantido que as nóminas na maior parte dos servizos municipais é o montante máis importante dos gastos, van a estar garantidos polo Concello, están incluíndo a traballadores dos servizos municipais de Vigo dentro de ERTEs, e lle podemos poñer nomes e apelidos por CLECE e Dornier que pretende incluír o cadro da ORA dentro dun ERTE masivo no conxunto do Estado, sabendo que no caso do Concello de Vigo unha suspensión de servizo o Concello de Vigo vai garantir o pago, polo tanto, a nós gustaríanos que esas empresas que están a facer para nós unha mala praxe, que se están aproveitando do esforzo do Concello de Vigo, cando menos dende o Concello de Vigo se emita que non é de recibo apuntar aos teus traballadores/es nun ERTE cando na suspensión de servizos dende logo o Concello de Vigo están garantindo a cobertura do gasto.

Nós fixemos tamén unha proposta de paralización de obras esenciais, hai obras que hai que acometer, nós estamos de acordo, e hai obras de mantemento que son importantes, aprobouse na Xunta de Goberno a redacción dun proxecto dalgunhas acometidas e augas de saneamento que consideramos que son esenciais pero como dixemos, seguimos sen considerar esenciais, eu sei que poden ter un impacto importante en que se manteñan unha serie de posto de traballo, pero seguimos sen ver a urxencia de determinada obra pública que vai ligada a actuacións que son importantes para a cidade, seguramente serán un

motor de recuperación e para nós que somos moi críticos co modelo de humanizacións seguramente despois desta crise buscaremos algún mecanismo de tamén entender que pode haber, eu aí son moi crítico, pero haber algo de keynasismo nesas obras.

Pero nese caso nas cuestións agora mesmo dentro do período de moita poboación que está dentro dos seus domicilios confinada, non entendemos as obras da Porta do Sol e non entendemos as obras da Gran Vía, podemos pospoñelas e podemos buscar algún mecanismo, xa non digo de poñer en risco aos traballadores/as porque entendemos e ademais hoxe recollía na prensa, esperemos que as empresas que están facendo a actividade cumpran os requisitos que está marcando a propia normativa en canto á separación e á prevención de riscos laborais.

Pero iso é unha cuestión porque ademais nós pedimos por escrito saber cales se consideraban esenciais e ademais entendendo dentro do Real Decreto, esenciais ligadas ao mantemento dos servizos públicos e o funcionamento dos servizos públicos esenciais, e consideramos que algunhas habería que repensar e polo tanto, non pasaría nada por e ademais entenderíamos que incluso tivera que haber algún tipo de indemnización á empresa concesionaria, ou relaxar os períodos de entrega da obra, esas cuestións que dende logo nós deixamos ao arbitrio do Concello de Vigo pero que ademais puxemos enriba da mesa o que lle chamamos nós un plan de cheque social e ademais sabemos que se está a facer, é certo que se está a liberar moitos recursos municipais para afrontar axudas de todo tipo e ademais nós cremos que foi o Concello de Vigo que actuou moi rápido, moi dilixente, sabendo que iso ten risco, todos sabemos que ingresar 50€ a tódalas familias becadas nun comedor pode ser un risco de que non acaba eses recursos económico no alimento dos nenos/as pero é preferible tomar esa decisión con tódolos riscos que leva consigo de que non é unha avaliación social, que tardar 15 días en tomar unha decisión como se fixo cos comedores que dependen da Xunta de Galicia e creo que iso hai que agradecer ao Concello de Vigo que se fixera dunha maneira inmediata e ademais toda a vez que a Xunta de Galicia tomou a mesma decisión practicamente que o Concello de Vigo pero con case dúas semanas de atraso e ademais creo que esas son decisións que poñen en valor a necesidade de reforzar os Servizos Sociais e creo que ademais nalgún momento

abrimos ese debate neste Concello e creo que aquí a maior parte das forzas políticas sabemos que o Servizo Social municipal son esenciais aínda a pesar de que non xestionan ou xestionan apenas 1 de cada 4 euros que hai para servizos sociais no conxunto da recadación dos impostos e dos orzamentos públicos de tódalas administracións do Estado. E nós nese sentido queremos que esas medidas son moi necesarias e se implementaron dunha maneira inmediata que é o que está a pedir a poboación, nese plan de choque obviamente nós non inventamos nada, nin sequera propoñemos nada diferente do que este grupo municipal propuxo tanto para as emendas ás ordenanzas fiscais que son unha serie de emendas que dixemos que a crise que arrancou no 2008 non estaba rematada, que había bolsas importantes de pobreza nesta cidade, que había bolsas importantes de exclusión social e que é certo que tamén se nos explotou na faciana con esta crise, agora sabemos que hai moita máis xente durmindo na rúa da que éramos ou entendía o goberno local que estaba localizada, sabíamos que hai moita xente, sabíamos que había moita máis pobreza da que xestionabamos directamente nos servizos sociais, sabíamos que había xente que vivía ao límite e que moita xente non entendía que vivía ao límite pero nunca se miraría como usuario dos servizos sociais, como imos responder a esta cuestión? Nós temos claro que hai cuestións e o puxemos no escrito que lle remitimos ao Alcalde onde explicabamos, considerábase onde había que desbloquear, sabemos que unha responsabilidade inmediata vai a ser modificar o sistema fiscal e modificar as regras de xogo que hoxe en día marcan nomeadamente o Ministerio de Facenda, o goberno pero que é a posibilidade de utilizar recursos públicos para outras cuestións e ademais non estamos a dicir outra cousa que non sexa premiar ás administracións que foron exemplares nos anos da crise, que son os concellos, premiar máis ao Concello de Vigo pola súa xestión económica, premiar máis aos concellos aos grandes concellos deste país que aínda que algúns non teñen débeda cero, fixeron unha redución avixal da súa débeda, premiar ao soporte moitas veces, ao abandono moitas veces das outras administracións de moitos servizos que asumiron os concellos, o 40% do gasto deste Concello é gasto impropio, recoñecido por tódolos partidos políticos, non é unha cuestión de oportunismo de quen estamos no goberno ou non, todos recoñecemos no libro branco da FEMP hai 25 anos o 40% do gasto do concello é gasto que non lle corresponde ás administracións locais e ademais pedíamos nas

emendas que presentamos ao orzamento e ademais teño precisamente aquí o texto, completar o catálogo dos servizos sociais de Vigo, sabíamos que naquel momento nós pedíamos con modificacións orzamentarias que propuxemos como retirar recursos pois das luces de Nadal, propuxemos retirar recursos de determinados contratos que non entendíamos como podía ser o contrato de liñas aéreas, xa ese non é debate, que a pesar de que seguimos reclamando iso, nós agora o que dicimos é que as administracións lle permitan aos concellos utilizar 19 millóns de euros ao Concello de Vigo neste ano, sería nin sequera con tódalas modificacións que puidéramos propoñer os grupos políticos, teríamos unha capacidade tan grande económica para dar solucións como utilizar ese superávit do 2019 nas cuestións que os concellos consideren que acaban dinamizando a economía, a vida dos cidadás e evitando que esas familias sexan os que van por primeira vez aos servizos sociais acaben sendo cronificados nos servizos sociais ou as persoas que seguen nos servizos sociais poder saír delas.

E nós seguimos pensando que agora mesmo o orzamento do Concello de Vigo habería que darlle unha volta, non imos a discutir se hai que gastar dous millóns de euros no Nadal, nos parece neste momento non imos a entrar nese debate, pero claro vanse gastar en decembro, agora fan falla recursos, de onde podemos obter de maneira inmediata sen esperar ao goberno, sen esperar a que se liberen os remanentes de Tesourería, de onde podemos facer, pois de modificacións orzamentarias que as que propón a este Concello van ter o apoio da oposición, entendo eu, nós sabemos que hai que liberar moitos recursos porque si que é certo que se van buscando recursos pero os que estamos constreñidos obviamente polo equilibrio orzamentario e polas partidas que se consignaron ao principio de ano. Se vostedes propoñen unha modificación orzamentaria eu creo que imos estar todos de acordo en que vai facer falla poñer mais recursos enriba da mesa. E logo hai cuestións que este grupo municipal propuxo como unha proposta importante e o dicía antes o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, se está a implementar nos grandes concellos deste país, e creo que o Concello de Vigo é un concello que podería perfectamente implementalo que son as axudas directas ás PYMEs e sobre todo a un sector en Vigo que é bastante estratéxico como é o sector do pequeno comercio, da micro pyme e da hostalería que parece unha cuestión menor pero como vemos tiña o soporte de masa de emprego, non tanto de masa salarial que é

o problema, a hostalería non achega moita masa salarial de Vigo pero achega moito emprego que iso é un pouco a gran miseria do salario moitas veces de determinados sectores pero a nós estaríamos de acordo e iso vai en contra da nosa cultura porque nós sempre dixemos que as axudas tiñan que estar circunscritas a unha certa proporcionalidade na renda, é dicir, que menos ten máis reciba, pois nós estaríamos de acordo coa Tau arrasa a tódolos negocios de Vigo para que poidan saír porque despois de que acaben o estado de Alarma non é levantar unha verxa, non é acender unha luz e que todo funcione, e polo tanto, ademais dentro dos criterios da OCD o 2020 vai a ser así, creo que todos/as sabemos que a situación que vivíamos hai un mes non se vai a dar ao longo incluso de todo o ano, ou sexa as previsións da OCD é unha perda entre un 7 e un 9%, dependendo das previsión do Produto Interior Bruto e un 20% de paro estrutural ata decembro creo que xa non vale nin as progresións máis optimistas que fixeron os concelleiros na súa cuestión orzamentaria.

Nós imos apoiar que o Concello sabemos ademais que o está facendo, a concelleira de Servizos Sociais nos informaba das contías que se están ingresando en forma de axuda, sabemos que son importantes pero son medias moi baixas esas axudas porque realmente o Concello debería liberar moitos recursos económico que sabemos que por agora non pode facelo, e nós aí tamén imos a reclamar ao goberno do Estado que se poida liberar eses recursos. Os 24.000 millóns de euros que teñen os concellos en banco non é un tema menor, non podemos estar esperando que a Unión Europea se acorde de España ou de Italia e se acorde de que os mecanismos de financiamento e os mecanismos que marca o Banco Central Europeo son mecanismos que nos permiten ir a unha recuperación económica nos termos que eles marcan despois dunha crise como é a do 2008, que non é real, para nós é unha recuperación cando menos impostada pero que os mecanismos da Unión Europea, se pretenden que os eurobonos financiemos os miles e e miles de pobres que nos están saíndo por tódalas esquinas nos concellos e nas administracións públicas o a falla de cohesión moitas veces social en moitos pobos, en moitos territorios do país, dende logo para nós eses mecanismo da Unión Europea dende logo están superados e aí temos que ir a outros mecanismos, un deles é eliminar a Lei Montoro, obviamente, e iso creo que estamos todos de acordo, case todos, en eliminalo para buscar mecanismos, pero que nós tamén

propuxemos que tamén había que tomar algunhas medidas, o sector cultural nesta cidade non é un sector menor, non é un sector pequeno, o Concello de Vigo, programa moito ademais ten moita programación nas festas de verán e unha programación que tamén vai ligada por exemplo a actuación das asociacións de veciños, nós pedimos que esa programación se manteña aínda que non poida celebrar e o que se faga é pospoñela para non perder potencia no sector cultural, O Marisquiño que xa sabemos que non se celebra este ano é unha modificación de crédito importante que vai a dar 300 e pico mil euros que achegaba o Concello de Vigo máis o que achegaba neste caso a Deputación, nós pedimos que iso fora directamente ao sector cultural da cidade, nos estamos dando conta que había moita xente que facía cursos de teatro no movemento veciñal, toda esa xente está agora mesmo cunha man diante e outra detrás sen ningún tipo de posibilidade, máis alá obviamente de que nós estamos de acordo de que se manteña para o ano 2021 pois tódolos compromisos co festival de O Marisquiño pero neste ano cremos que obviamente non se vai facer, e ademais propoñíamos unha cuestión e nós aí creo que imos estar todos de acordo en buscar algún mecanismo tamén de financiamento da actividade industrial, da actividade empresarial a través de fórmulas de crédito local, existen, algún concellos o están a facer, por desgracia, nos colle esta crise sen unha caixa de aforros municipal de Vigo, se tivéramos un sistema público municipal pois teríamos un sistema de financiamento de moita actividade, o equivalente ao crédito ICO o teríamos en ámbito local e ademais, aquí os que estudamos historia lembramos que gran parte das actuacións dun barrio como o de Coia se puideron facer exclusivamente porque había ese mecanismo de financiamento, porque as outras entidades bancarias que existían naquela altura non ían a financiar actuacións de barrios obreiros como sabemos e que naquel momento tiñamos mecanismo, que se busque algún mecanismo, o Plan de Emprego pode funcionar, algunha axuda directa á contratación das entidades sociais pero tamén das entidades económicas e os negocios da cidade poden funcionar, posiblemente, pero nós queremos mecanismos que funcionen no tempo.

E xa para ir rematando, hai algunhas desta medidas que sabemos que os concellos van a implementar de aquí a finais de ano, hai algunhas cuestións afortunadamente hoxe se desbloquea unha cuestión que polo menos para parte

que representa Unidas Podemos dentro do goberno era esencial como era a renda básica, unha renda básica que non é unha renda básica ampla pero si que polo menos é unha renda vital que se mantén cos parámetros iniciais do que tería que ser ese mecanismo, calquera medida que implementemos durante estes meses de crise, debería de ser unha medida que se mantivera no tempo, se imos a ampliar a dotación dos servizos sociais, se imos aumentar as axudas ás familias todo iso, que saibamos que debería ser con continuidade no tempo porque aflorou unha pobreza que sabíamos que latía na cidade e aflorou dunha maneira evidente, se nos foron as previsións, discutimos moito sobre a necesidade dun segundo albergue, se a Xunta de Galicia tiña que facer o mesmo número de camas, pois ese debate que tivemos aquí, que nós sempre defendemos, que o Concello de Vigo tiña cuberta esa cuestión e que lle correspondía a outras administracións tamén teñen competencias sociais en cubrir cando mesmo número de prazas, pois se nos triplicou a demanda ou cuadruplicou e das 30 e pico prazas que tiña o Concello de Vigo e as 30 e pico que lle pedíamos á Xunta de Galicia multiplicouse por moito o nivel de persoas usuarias e multiplicouse por moito a realidade dunha economía moi precaria nesta cidade e polo tanto, tódalas medidas que nós imos apoiar e cremos que algunhas delas que son avanzadas con respecto a outras administracións, deberíamos darlle unha volta que isto fora tamén unha maneira de que ao final Vigo se colocara pois na media do gasto social por habitante que é posible ademais porque ten unha situación financeira moi folgada e que dende logo nesa situación o grupo municipal da Marea de Vigo vai a ser absolutamente leal cun goberno que o digo, agradezo que o está a facer dunha maneira moi dilixente, moi exemplar con respecto ao resto do conxunto das administracións.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Bo día, especialmente ao nosos compañeiros de Corporación que nos acompañan telematicamente e esperemos pronto reunirmos aquí todos/as de novo. Tamén queremos saudar ao público que nos segue dende a rede.

As nosas primeiras palabras como non, uníndonos ao Alcalde e ao resto dos grupos é de apoio e de sentimento ás persoas que perderon os seus seres queridos, a nosa solidariedade tamén e ánimo a quen se contaxiaron polo COVID-19 e se atopan illados na súa casa ou nos hospitais.

Que bo traballo o da área sanitaria de Vigo xusto é recoñecelo, facémolo diariamente, nos balcóns, nas terrazas, agradecemos ao persoal sanitario ou aos hospitais da cidade, que magnificos hospitais temos na cidade, canto lle debemos ao persoal sanitario.

E tamén temos que agradecer a actitude da cidadanía, xa se dixo aquí, o primeiro o fixo o Alcalde, está ben, que exemplo de cidadanía, que orgullo poder representarvos a todos/as, que comportamento exemplar.

Sr. Alcalde ten vostede a responsabilidade de conducir o goberno nun momento crítico para a cidade, seguramente un dos peores da nosa historia recente, con toda seguridade, o peor momento do seu mandato. Moitas persoas perderon as súa vida, moitas perderon a saúde, moitas tamén perderon o seu traballo e todos/as perdemos as nosas liberdades de movementos.

E nunha situación así, ningunha decisión é fácil, non sempre se acerta, sempre fallarán medios, nunca tódalas medidas serán suficientes porque nós nunca vivimos nada así e a situación é dramática e é xusto recoñecelo, é un momento difícil para estar no goberno, nesta situación non hai sitio para o pupo, tampouco haberá para o aplauso pero si p hai para a colaboración e nós estamos dispostos e así o dixemos, a colaborar e recoñecer acertos como os que se fixeron en materia de política social sen dúbida, o moi necesario aloxamento ás persoas que vivían na rúa. Se tomaron moitas medidas en política social nesta cidade, e nesta cidade se dixo aquí aflorou unha realidade, unha realidade de pobreza, unha realidade de necesidade que xa existía, o Coronavirus a fixo patente pero xa existía, moitas persoas que agora apareceron, non tiñan xa, pois acampaban nos caixeiros dos bancos, na Praza do Rei, agora si dormen máis dignamente nos establecementos da cidade que relacionou ao Alcalde, no pavillón do Berbés e nos albergues públicos. Oxalá cando isto remate non teñan que volver a durmir no caixeiro e si tamén se reparten 500 ou máis de 500 comidas ao día que se fan efectivamente no albergue e nos comedores, xa se facía, había tamén esa necesidade sen dúbida é lamentable que teñamos que recoñecer agora que había 400 comidas que se facían nos comedores San José, Misioneiras do Silencio, pero ben feito, está ben, hai que dicilo, hai que colaborar, hai levar esas comidas ás persoas que o necesitan porque agora eles non poden asistir ao comedor e o está a facer o Concello. Digo que aflorou esa necesidade, claro que había moitos servizos que se

prestaban no Concello que habería que reforzar, outros non se estaban a prestar e se están a facer e con todo, como digo, a nosa valoración é en conxunto favorable pero temos que poñer de manifesto que había unha situación de vulnerabilidade que xa existía.

Damos agora cobizo a 100 persoas, é unha mágoa que ata agora non recoñeceramos esa situación todos e non miramos o que estaba ocorrendo no comedor. As bolsas de comedor, ben feito, o Concello o fixo, adiantou os cartos e con eso sabemos que hai unha situación, que hai persoas e familias que para dar de comer aos seus nenos teñen que acudir ao ensino público, aos comedores escolares porque na casa non hai que comer, non ten que ver todo co coronavirus, xa dábamos, xa se daban no Concello becas de comedor pero efectivamente agora a situación o puxo de manifesto. Hai unha situación de vulnerabilidade nun segmento moi importante da cidadanía viguesa que agora se ve moi claramente, pero xa existía e nós si cremos que o que se está a facer, hai que facelo, probablemente hai que facer máis porque sempre, como dicía os medios nunca son suficientes e os recursos e as medidas, están ben feito, esperamos que se estenda tamén no tempo, entre outras razóns porque a situación social-económica mudou, é verdade que os servizo de Axuda no Fogar está atendendo a quen o necesita, é verdade que reforzou a Teleasistencia, é verdade que hai máis necesidades que si derivan do Coronavirus e que se atenden, iso é efectivamente algo que si temos que sinalar.

Temos que dicir tamén que hai outra situación ademais da situación social que é a situación económica, hai moitos establecementos da cidade que levan pechados máis dun mes, todo un comercio e toda a hostaleira, moitas empresas, autónomos, micro PEME que están nunha situación difícil, sabemos Alcalde que Vigo é sen dúbida a cidade que máis está golpeada pola crise porque pechou a automoción, pechou o naval, co peche da restauración a caída da demanda tamén pon nunha situación moi difícil a pesca, automoción, naval, pesca, comercio, hostaleira, pois iso é o que somos esencialmente como cidade, somos os que sufrimos máis que ninguén esta crise e por iso cremos e nos unimos ao que se dixo aquí e pedimos tamén por escrito, cremos que está ben aprazar os impostos, é unha medida razoable pero no vai a bastar con isto, imos a ter que baixar algúns impostos, eliminar onde se poida outros, aliarnos e dar axudas aos autónomos e as micro

PEMEs, non deberíamos estarlles cobrando a auga aos comercios e aos establecementos que están pechados, non deberíamos cobrar o lixo cando sexa o IBI, o IAE polo tempo que estiveron pechados eses negocios nin o imposto de vehículos que efectivamente se suspendeu pero que haberá que pensar como facer para non cobrar polo tempo que eses vehículos non circularon.

Creemos que si hai que facer máis que ese aprazamento dos impostos e seguramente o Alcalde está pensando xa niso, hai que facer un plan de choque para eses autónomos para esas micro PEMEs con axudas directas, con bonificacións tributarias onde se pode con exención de impostos onde se poda e dende logo, cunha axuda extraordinaria de reembolso dos gastos que están tendo por tempo de crise e unha axuda económica para a reapertura, con implicación de quen faga falla e das institucións que fagan falla, houbo medidas que tamén nós avalamos, a suspensión do pagamento da SER, da ORA, efectivamente é unha medida razoable, vostede aludía ao tema da rotación, para nós, así se sinalou noutras cidades, o problema era eliminar as posibilidades de contaxio porque efectivamente se disuadía ás persoas da utilización do transporte público, era máis seguro utilizar o transporte privado, entón pois estar na rotación para buscar praza, ben feito, non dicimos que non, sabemos que se fixo noutras cidades en Vigo tamén e nesas cidades, en Barcelona, Alicante, Oviedo tamén pois o autobús é gratuíto para tódolos usuarios, en Madrid para o persoal sanitario, o transporte público gratuíto minimiza os contaxios, facilita os accesos e contribúe a mellorar a situación dos servizos esenciais, cremos que poderíamos facelo aquí tamén como se fixo en Alicante, en Oviedo e en Barcelona. Facer gratuíto o Vitrasa quizais tamén habería que pensar e xa que é gratuíto tamén o aparcadoiro do hospital Álvaro Cunqueiro para o persoal sanitario, poderíamos facer nós o mes nos aparcamentos máis próximos ao Centro de POVISA para o persoal sanitario me refiro, o aparcamento de Pintor Colmeiro ou o aparcamento en Fátima de Jenaro de la Fuente, quizais sería unha medida que tamén debería contribuír pois a facer máis fácil, mais doado o traballo dese persoal sanitario que todos recoñecemos aquí o seu traballo, vostede o primeiro.

En canto a Vitrasa se tomaron decisións correctas dende o punto de vista do mantemento do emprego nas concesionarias municipais, en Vitrasa parece que hai ERTE, supoño que esa situación terá algunha explicación, xurídica, pero o certo é

que conviría saber porque as concesionarias de servizos municipais nas que se mantén emprego e en Vitrasa pois tiveron que facer un ERTE. Cremos tamén que hai que facilitar aloxamento ao persoal municipal que quere permanecer illado das súas familias por ter tido contacto con positivos, é unha medida que tamén propuxemos e nos parece positiva, sen dúbida non criticamos, ao contrario, resaltamos as que se fixeron coa asistencia ás persoas sen fogar e coa estabilidade que nos comunicou o Alcalde do seminario que xa coñecíamos polos medios.

Están ben as medidas de limpeza e desinfección, efectivamente Vigo é unha cidade limpa, se desinfecta, se reforzou a desinfección a partir do día 29, quizais habería que actuar un pouco máis dicimos no rural.

Aquí se expuxeron medidas razoables, sensatas, nós quixemos achegar algunhas máis e nós cremos que o ton que se ten neste Pleno é o ton que temos que ter a partir de aquí e despois porque o certo é que nós últimos días observamos que ademais se adoptaron algunhas medidas que non teñen que ver nada co Coronavirus e cremos sinceramente Alcalde, está ben centrar os temas e que non metamos a cidade en debates innecesarios, non vou a aludir aquí a eses temas, os coñecen perfectamente, son debates que se abriron e que son públicos e cremos que non é o momento, cremos que debemos centrarnos e de centrar tamén aos cidadáns nos debates que son necesarios, o debate necesario sobre o confinamento, ao mellor se é necesario ou non o é saír coa familia, pero o certo é que estamos na situación que hai, hai unha situación de alarma, o Concello ten tomado medidas e pido ao Alcalde e os pido a todos que o ton e o que falamos aquí se manteña no sucesivo e nos días sucesivos. Hai que gobernar, claro que hai que gobernar, hai que adoptar medidas distintas das que teñen relación co coronavirus e coa saúde, claro que si, pero tamén creo que hai outras que non tiñan que ter estado enriba da mesa e con este ton colaborativo que eu lle agradezo e que agradezo a tódolos grupos políticos lles pido que manteñamos esta liña no sucesivo e que este rigor, esta sensatez que se amosou aquí se faga tamén fora de aquí.

Digo que efectivamente hai medidas sensatas, hai medidas que son como efectivamente os albergues, hai medidas que se fixeron tamén un pouco máis tarde como a suspensión do aparcamento e hai medidas que cremos que se deberían reforzar como a de desinfección, outras que cremos que hai adoptar

como a gratuidade do transporte público, dos aparcamentos municipais para o persoal sanitario, rebaixas fiscais, axudas ao comercio e hostaleira, apoio aos autónomos e ás micro PEME e logo como dicía hai medidas perfectamente prescindibles que o que facemos é distraer a atención e non centrar o debate na situación dramática da que falamos ao comenzo coa intervención do Alcalde.

Hai unha realidade na cidade, hai unha solidariedade na cidade que se amosa día a día, hai doazóns continuas, hai moitas persoas que están nas casas facendo máscaras faciais, hai centros públicos co seu persoal está a facer pantallas faciais, hai moita solidariedade en marcha nesta cidade, hai moita solidariedade que se fai á marxe das administracións, do impulso ou do liderado das administracións pero que se está a facer, hai moitos vigueses/as solidarios que están a facer un traballo voluntario, hai moitos vigueses/as que están a doar material, que están doando comida, tamén llo queremos agradecer e tamén hai moitos vigueses/as beneficiados efectivamente desa solidariedade, vigueses traballando para vigueses, hoxe podemos dicir que esta é unha realidade positiva que é o símbolo da nosa maneira de entender a cidade, solidariedade, voluntariado, e que se fai dunha maneira pois espontánea e dunha maneira libre, está ben que se faga así, e queremos recoñecelo.

Dixen ao principio da miña intervención que ten que afrontar un momento moi difícil, Sr. Alcalde, non é doado poñerse no seu lugar e nós dende logo imos, como dicía, a manter esta actitude de colaboración, pero tamén é verdade que este Concello é o que agora mesmo e o Alcalde que mais recursos ten de toda a historia da cidade, sen dúbida tamén produto dunha xestión orzamentaria financeira correcta, pero ten vostede o orzamento máis alto da historia, ten vostede tamén un superávit moi amplo e un Remanente de Tesourería moi amplo, estamos de acordo en que hai que usar eses recursos e estamos tamén de acordo que hai que centrarse en medidas para a crise da saúde, sanitaria, para reforzar o confinamento, para protexer á poboación, temos que protexer tamén dende o punto de vista social e tamén dende o punto de vista económico; cremos, e insisto, permítame que insista, isto é do que temos que falar como tivemos feito aquí, evitemos dispersar esforzos, evitemos temas que desvíen a intención, deixémonos de reproches, manteñamos o ton que tivemos hoxe, non é o momento, non estamos para meternos en debates innecesarios, estamos para centrar e traballar

porque a situación que ven acaba de comezar, pode que a situación sanitaria mellore, pero a situación económica e social vai a empeorar, está a penas comezando, e tal o aluvión de ERTEs que a xente estará sen cobrar ata xuño dicía o Alcalde, efectivamente vai a ser así, só no mes de marzo máis de 7.000 vigueses/as deixaron de cotizar, 7.053 vigueses/as dados xa de baixa no sistema da Seguridade Social, ben no de autónomos, ben no sistema de réxime xeral, os datos de marzo son eses, os datos de abril serán probablemente moito peores, nos enfrontamos a unha situación aínda non rematou a sanitaria, pero ímonos a enfrontar a situación económica e social moi difícil Sr. Alcalde, e nesa situación que aventuramos complexa, imos a ter que modificar moitas cousas, probablemente a nosa maneira de interactuar coa cidade pero imos a ter cambiar tamén son o noso escenario orzamentario, as medidas que temos en marcha imos a ter que mudalas, reforzalas ou cambialas, imos a ter que ampliar ou crear novas medidas dende o punto de vista de axuda ás persoas e imos a ter loxicamente a necesidade de colaboración de outras administracións, loxicamente Alcalde, vostedes non o vai poder facer só, aínda que ten recursos empregará eses recursos, non me cabe dúbida de que os empregará, nós imos a ser propositivos nesa maneira pero aventuramos que a situación vai a ser moi complexa porque xa había unha situación de pobreza na cidade que agora aflorou, que agora se fixo patente e que se está a traballar nela, había tamén xa medios postos, non cabe dúbida pero se está a reforzar, esa situación vai a empeorar.

Non haberá, dicía, recursos ilimitados para estas emerxencias, nunca serán suficientes os recursos porque nunca poderemos dar satisfacción a tódalas necesidades dunha maneira plena ou dunha maneira completa, faremos o que podamos e o Concello o está a facer pero haberá que facelo moito tempo, moito tempo máis e imos a ter que prepararnos para un escenario complicado dende o punto de vista social e dende o punto de vista económico, loxicamente hai que ser optimista e esperanzadores pero o noso traballo igual que vostede foi realista nos primeiros días da pandemia, sendo moi insistente na situación de confinamento da poboación agora tamén temos que ser nós como oposición realistas e dicirlle Sr. Alcalde o que ven é moi complexo, a situación económica e social da cidade en Vigo pola nosa estrutura económica vai a ser máis difícil que noutras cidades, somos a cidade máis grande de Galicia e imos afrontar un escenario incerto, vai a

ter que contar con recursos, vai a ter que empregar os que ten, non imos a ter unha recuperación económica aínda, haberá que pensar en afrontar a situación de crise económica que se aveciña, que está a comezar, para iso imos ter que remar todos/as, imos a ter que contar como digo coa colaboración doutras institucións pero ese é o debate e non é outro, esa vai a ser o debate da saúde o temos, continuará, pero logo imos a ter os das medidas sociais e das medidas económicas e non podemos meter á cidade noutras discusións, noutros debates que lamento que se tiñan aberto e que estou seguro que se continuamos co ton que hoxe vimos aquí e coas medidas que aquí oímos, pois creo que no futuro poderemos afrontar esta situación tamén dende o punto de vista institucional doutra maneira.

PRESIDENCIA: Eu lle pido ao voceiro do Partido Socialista que non faga uso da palabra, se mo acepto e llo agradezo moito.

Eu quería primeiro mostrar a miña satisfacción polo ton e por esta forma de enfocar unha crise desta envergadura, eu son da primeira metade de século XX, e eu nunca crin que fora a vivir en toda a miña vida unha situación como a que estou a vivir, como cidadá, porque era inimaxinable, é dicir, nunca ninguén podería imaxinar en todo este planeta que estivéramos a vivir esta situación na que todo o planeta está en confinamento ou case confinamento, case parece unha película desas que imaxinábamos con dificultades pero é unha realidade e eu creo que iso nos demanda aos que estamos na política unha forma distinta de entendela, de levala adiante e cooperar para o ben común, porque esta vez o ben común é a vida, esta vez é moito máis do que era hai dous meses, esta vez é o risco real, a posibilidade real de contaxiarse ou non e a posibilidade real de morrer, e isto é unha situación tremenda e que require unha forma distinta de entender a nosa acción, o noso papel e de transmitirlle aos cidadáns porque agradecerán moito nesta cidade este Pleno, o agradecerán, o ton e agradecerán que mostremos esta vocación e déixeme que o diga, eu quero ofrecer este Pleno como exemplo e como mostra para que outras institucións políticas doutros lugares o poidan aplicar e por iso se llo agradezo moito dende a miña posición de Alcalde pero máis dende a miña idade e experiencia política, nunha cidade que está a sufrir como tantas cidades de Galicia e de España, de Europa e do mundo está a sufrir dunha forma severa, pero o estamos a facer con carácter, con ganas e sabendo que saímos

desta crise, imos a saír, vai a quedar moita dor e a algúns nos vai a acompañar desafortunadamente pero imos a saír, e déixeme que o diga, imos saír mellor visto este Pleno hoxe que onte, e o sinto así e teño que dicilo desta forma, eu podería facer algúns comentarios pero non merecen a pena, cada un temos as nosas opinións e as compartimos ou non, pero creo que non hai que entrar, todos entendemos o que dicimos, as nosas opinións, valorables, algunhas nos poden gustar máis outras menos e estamos nun momento no que algunhas receitas tradicionais xa non valen, déixeme que cite Sr. Marnotes, unha que vostede dixo, que eu lle din moitas voltas, a gratuidade do transporte público eu dinlle moitas voltas, créame, creo que non debemos establecer porque hai que tratar que non se use o transporte público, é certo que moita xente teno que utilizar por razóns obvias pero o que temos que facer é poñelo o mellor posible co mínimo de contaxios, levar un autobús detrás dun autobús oruga no que que van 15 persoas, algúns poden dicir é un disparate, non, é que tratamos de buscar unha fórmula distinta, e créame que non é unha cuestión de recursos porque a maior para dos que viaxan, moitos fano gratis outros teñen a súa tarxeta Pass Vigo, non, eu creo que pode un acertar ou non, pero eu pretendo poñer a visión de vamos a buscar unha fórmula que nos permita o maior illamento social, eu creo que temos que estar facilitando ao máximo posible accións, pero por exemplo, esta do autobús era unha enfermera quen mo dixo escribíame e díxome, “eu teño un certo temor cando vou ao traballo porque vexo que nos agolpamos”, chameina por teléfono estaba nas UCIs, entón transmitíame o sue temor, eu chamei aos responsables, dicíame, “non, o número de xente que vai é baixo, pero é igual, só con que o número de xente que vaia con temor xa temos que actuar, no real pero tamén eliminar determinadas sensacións que os cidadás poden ter. Eu non vou a discutir se aflorou ou non déixenme que lles diga, cando isto pase unha parte da xente sen fogar, vai ser difícil que queiran permanecer, imos facer un esforzo de convencelos, de dar o máximo de facilidades e déixeme que diga algo, eu apoio a renda básica que se está a discutir no goberno, creo que a temos que sacar, temos que sacar unha formula que lle permita á xente deste país sen recursos ter un mínimo de ingresos garantidos de forma automática e só por ser cidadáns, nos non podemos estar nunha sociedade que non vexa esa visión de dereito de cidadanía e de solidariedade, e eu estouno apoiando, e déixeme que llo diga, díxenllo ao

Presidente do Goberno e llo dixen ao Vicepresidente segundo do goberno, creo que a temos que apoiar dende os concellos, porque ao final iso onde ten lugar e onde sucede é nos nosos concellos, nas nosas cidades, no Concello de Vigo, e por iso máis alá do que fagamos neste momento temos que tratar de buscar solucións estables porque isto nos ensinou colectivamente que hai unha parte da sociedade que ten ter un tratamento distinto como sociedade española, eu diría moito máis, sociedade europea e seguramente nisto tería que intervir a Unión Europea para garantir o dereito de cidadanía a todo o mundo e ver isto dunha forma distinta. Eu por iso eu lles quero agradecer moito o ton e dicirles que falamos do social e do económico, e esta é a forma na que o queremos ver todos, é dicir, a sociedade nos ensinou e esta pandemia nos ensinou que hai que establecer determinados valores, e que a sociedade ten que incluír determinados valores que nalgúns momentos parece que non están na moda da actuación, e é certo, hai sectores sociais que son socialmente pouco activos pero que teñen que ter o tratamento que corresponde, pero claro que é o que está a suceder? E é que parte da economía e da sociedade que funcionaba dun estado de recibir un salario, de ter unha certa seguridade sempre entrecomillado, porque viñamos dun 23% de desemprego, na etapa dura da crise, pero empezaba isto a tirar e a comezar e a economía ía xerando emprego, pois de momento se atopan con que non teñen un só ingreso e ademais a inquietude de que vai pasar, eu quero que o noso papel é asegurar o ingreso e tratar de dar seguridade ao futuro e temos que enfocalo desta forma e nesta cidade seguramente máis que en ningún sitio, pero cando acabe este Pleno vou a comezar a montar isto mesmo porque hoxe vou a ter unha videoconferencia cos sectores económicos da cidade, todos, hoxe voume a reunir telemáticamente con tódalas persoas significadas por razóns da súa presenza nas empresas ou pola súa razón de presenza nas sociedades empresariais ou en determinadas organizacións que levan toda a economía desta cidade, porque quero que anticipemos e fagamos unha saída conxunta, porque o mercado está aí pero a cooperación está aí tamén, e seguramente unha saída conxunta e sabendo de que forma tempos e prazos pois se fará moito mellor e estamos coa atención perenne e total á parte sanitaria e social pero xa hai que comezar a poñerlle o enfoque a como imos a enfocar o futuro a partires de agora, o futuro inmediato e falo dentro dun mes, e dentro dun ano e dentro de dez anos, e esta cidade e

sabemolo todos é tanto como a súa economía, porque nacemos así, somos así, e polo tanto, a economía e a capacidade de xerar valor engadido e con elo emprego e benestar, xoga un papel central, é certo que neste momento por diante a saúde e por enriba de todo a saúde pero temos que comezar a ver a economía e hoxe nesta telereunión estará todo o mundo do automóbil, naval, empresarial, PIMEs, autónomos, hostaleira, investigación, universidade, dos despachos profesionais, de tódolos ámbitos que xeran emprego porque eu quero que aproximadamente que ás 50 persoas que imos a ter esta reunión telemática comecemos a poñernos conxunta e colectivamente en que pasará dentro dun mes, dun ano e dentro de dez anos, e seguramente somos capaces de transmitirnos capacidades e vocación, que pretendo, eu pretendo saber que é o que temos facer coas PIMEs, cos autónomos, nas cafeterías, bares, restaurantes, hoteis, en tódolos comercios de cercanía pequenos e medianos comercios, nas grandes superficies, pero pretendo saber que é o que temos que facer nos despachos profesionais ou en todo o automóbil ou en Citroën e estará o director xeral de Citroën, ou o que temos que facer co naval ou o que temos que facer co Cetag, ou o que temos que facer co Porto e as empresas portuarias ou que temos facer coa pesca, como buscamos a fórmula de lanzar este proceso e este proxecto e por iso quero comezar a buscar sen mías protagonismo que o de ser Alcalde, unha saída con sensacións compartidas, chamémolo desa forma porque imos intervir a capacidade de decidir da cada un pero sensacións compartidas no conxunto da economía de Vigo.

Aí estará dende o presidente do Porto, de zona Franca, ata os directores das empresas máis notables ou os seus representantes, neste ámbito tamén o pequeno comercio de esquina da miña casa que neste momento está pechado e que o leva só unha señora e eu quero que estea representada tamén, ou restaurante que hai na rúa Ecuador, alí preto de onde vivo eu, e que leva unha familia e que leva tantos anos e que está pechado e un pouco máis alá unha tenda que vende roupa e que está pechada, e un pouco máis alá o Corte Inglés que emprega e miles de traballadores e está parcialmente pechado e quero que estea as superficies de alimentación e quero que estea todo o mundo das empresas portuarias, e estará o presidente do Porto e quero que esteamos toda a economía de Vigo para comezar a fraguar a saída na visión empresarial conxunta. Pero mañá comecarei a concertar unha nova reunión que será co ámbito socio-sindical que

quero tamén que vexamos que se demanda dende o ámbito dos traballadores, dos sindicatos, cara a onde e temos que ir despois comezaremos a ter as reunións de cada un dos sectores, algún especialmente danado e que nos preocupa a todos/as moito, seguramente o que máis, toda esta pequena economía da cercanía, da proximidade, os bares, restaurantes, a cafetería, comercio, pequeno despacho de autónomo que ten unha persoa que é autoempregado e teremos que facelo despois en capas con cada un destes sectores para ver que é o que pasa, para conseguir que? Para conseguir un foro de encontro e de coñecemento, pero inmediatamente reuniremos o Consello Económico Social da Cidade, o de esta casa porque é un órgano de representación do que quero tirar e co quero manter as reunións precisas e oportunas para coñecer tamén a opinión colectiva dese órgano e polo tanto, queremos establecer un modelo que seguramente poderá ser seguido ou non, cada un terá o seu modo e a súa forma, pero eu quero que busquemos unha saída concertada, e déixemo que o diga, para interactuar con outras administracións tamén, unha parte moi importante do que vai a suceder terá que ver coas administracións autonómicas, unha parte importante terá que ver coa administración do estado, e coa de Europa e creo que podemos ambicionar a nosa propia interacción e a imos facer, lles teño que dicir que o goberno de España sabe o que está a pasar nesta cidade pola miña interlocución directa e de forma cercana. Cando digo con outras administracións e créanme o digo para cooperar, eu non estou en política neste momento, está noutras dimensións e polo tanto, para tender a miña man total a cooperación e igual que sucedeu aquí , tender a nosa man total para cooperar porque os tempos de discusións política xa chegarán, xa haberá momentos, as teremos porque a democracia ten que funcionar e a labor da oposición e das forzas políticas facendo o súas propostas ten que funcionar, isto non leva a anular aquilo, pero creo debemos que ter unha fórmula distinta de entender segundo que cuestións e co libre respecto ás actuacións de cada un porque esta parte de reactivación da economía da cidade de Vigo claro ten luces e sombras e vai telas pero fixarvos é que nalgúns casos non sabemos aínda como se vai a producir, nalgúns casos imos afrontar unha nova situación eu pola razón da miña profesión e por algunha da xente que tiven a fortuna de estudar Cambridge coñezo moi ben a crise dos anos 30, a coñezo moi ben, a estudei con xente que a estudara con Keynes directamente, nada

comparable con isto, co está a pasar e neste campo non hai brúxulas, non sabemos, brúxulas que nos digan por onde ir, por iso hai que ter un espírito moi comunicativo e de escoitar moito porque calquera cousa que nos poidan dicir poida arrojar coñecemento, unha forma de entendelo e cando onte me chamaba o concelleiro, a vicepresidenta dunha pequena asociación hostaleira, verdade, de restaurantes neste caso, pois lle dixen que viñera á reunión, estará o presidente pero ela quere estar tamén, por que? Pois porque quere escoitar e temos que escoitar a todo o mundo para buscar a saída, é certo que nós a afrontamos nunha situación económica-financeira francamente boa como concello, pois só a constato, pero sucede que a temos coartada porque temos unha lei que non nos permite usala como nós quixéramos e non quero facer ningunha crítica política, o pasado xa pasou, estamos noutros momentos e temos que actuar para podela usala pero eu tamén quero dicir que nesta crise tan tremenda nós queremos tender unha man ao goberno de España e á Xunta de Galicia e aquilo que poidamos facer xuntos eu o traerei a este Pleno e debemos estudalo, deixarme dicir como o sinto, sexa a nosa competencia ou non, porque estamos noutro momento, estamos noutra situación e polo tanto, todo aquilo que nós poidamos facelo eu vou a propoñer facelo neste Pleno, estou a facelo tamén na FEMP e queremos tender esa man de cooperación me permitirán vostedes que teña algunha discreción, algúns contactos que teño co goberno de España pero creo que é momento de coller ideas, lanzar ideas e tender mans e recibir mans tamén, tendela e recibilas, de funcionar de forma cooperadora e deixarme que volo diga, a saída desta terrible crise por moito que nos poidamos facer, e que o faremos as/os que estamos aquí non vai depender disto, vai depender se decidimos ir pola saída da crise dos anos 30 e da crise do ano 2008 ou decidimos unha saída nova, vai depender diso, vai depender que aprenderamos das dúas máis terribles crises da historia da humanidade, das do ano 30 que se resolveu no liberalismo total e foi tremendo ou a dos anos 2008, e nos temos que facer e eu creo no apoio dos grupos niso, un chamamento a Europa para que o entenda, ao espírito europeo, vostedes son máis mozos pero eu vivín a ditadura e a Europa sen España, estiven no Reino Unido estudando e cando entrei alí por primeira vez para irme a unha universidade tiven na fronteira que ensinar os cartos que levaba para ver que tiña recursos para poder estar alí, e aquilo era unha humillación de cidadá, sentir que

chegabas a unha fronteira dun país e dicíanche demóstrame que tes cartos para poder entrar aquí e iso no pode repetirse máis e menos repetirse na guerra e por iso Europa ten que entender que neste momento e na miña humilde opinión nos estamos a xogar Europa, se Europa non serve para isto, montaremos un mercado común pero non montaremos Europa, se Europa non é capaz de responder ao que está a suceder, Europa non serve, ten que servir para responder a toda esta xente que está contaxiada, en confinamento, nos hospitais pero que está nas súas casas e os que estamos aquí falamos e valoramos e que esperan poder seguir a súa vida nun traballo razoable, cun salario razoable ou sen traballo pero coa capacidade de ser recoñecidos como cidadáns porque non poidan traballar por as razóns persoais que sexan e eu creo que ten que ser a nosa reflexión, polo tanto seguiremos atendendo isto, espero que poidamos recuperar pronto os Plenos en condicións normais e lle quero enviar un abrazo aos membros deste Pleno, concelleiros/as que están nos seus domicilios e a través de medios de comunicación pero tamén á prensa que nos está a seguir dende súa casa, dende o seu traballo, despachos, porque isto da relación telemática está moi ben pero non hai nada que supla a relación presencial porque somos seres sociais pero imos a ter convivir con isto durante un tempo.

Eu quero reiterar o agradecemento, recoñecemento a tódalas forzas políticas deste Pleno e seguiremos dialogando para ver que modo de funcionamento institucional política facemos porque non sabemos aínda, nin tan sequera se seremos capaces de manter o último Pleno deste mes de forma normal, probablemente non, o seguinte Pleno teña que ser telemático con esta forma presencial pero debateremos e buscaremos acordos e unanimidade na Xunta de Voceiros aos efectos de desenvolver a situación política.

E remato este punto enviándolle unha aperta moi forte a tódolos cidadáns de Vigo, homes e mulleres no meu nome e no nome da Corporación e no nome dun cidadán aos outros que están a desexar verse. Eu recibo petición de vídeos felicitando cumpreanos, santos e gravo eses vídeos e desexaría moito non ter que gravar eses vídeos porque a xente puidera facer as súas celebracións na súa vida normal sen ter que pedirlo ao Alcalde, cuestión que agradezo, me emociona, un vídeo de felicitación porque desafortunadamente eses nenos/as fan a celebración do seu cumpreanos na súa casa, sen os avós, parentes, primos, sen os amigos e

desafortunadamente para todos algúns das nosas xentes da cidade nunca máis volverán e iso seguramente é o máis trágico desta situación.

3(41).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL COVID- 19. EXPTE. 2389/1101

PRESIDENCIA: Entendo que temos un acordo sobre a declaración que unánimemente elaborou a FEMP se este é o caso a aprobamos por asentimento.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE LA FEMP ANTE LA CRISIS DEL CORONAVIRUS

"QUEREMOS PARTICIPAR DE LA CONSTRUCCIÓN DE ESTE NUEVO FUTURO"

Los Gobiernos Locales, ante la crisis generada por el contagio del COVID-19, queremos dirigir la siguiente Declaración Institucional a la ciudadanía, y también al resto de Administraciones, desde el convencimiento de que tenemos que unir esfuerzos para superar la actual situación.

Estamos viviendo una situación excepcional. Cada día comprobamos las consecuencias en nuestras vidas de la pandemia del COVID-19, y el alcance que éstas tienen y tendrán en el presente y en el futuro de nuestra sociedad. Estamos ante un momento trascendente de nuestra historia y debemos estar a la altura desde la responsabilidad colectiva e individual. Por este motivo, debemos empezar insistiendo a la ciudadanía que cumpla con las indicaciones que las autoridades sanitarias y, en general, las instituciones, estamos adoptando para la prevención y la erradicación del COVID-19.

Nuestra prioridad debe ser cortar de manera efectiva la cadena de transmisión del virus y para ello es necesario que todos secundemos las recomendaciones de las autoridades sanitarias. Sólo con la colaboración y la solidaridad de todos podremos frenar la propagación de esta pandemia.

Desde el mundo local pedimos a todas las Administraciones que las medidas que se están tomando a corto plazo tengan como eje central y prioridades la salud de las personas, en especial las más vulnerables, y la adecuación de las infraestructuras sanitarias para que el personal de los centros hospitalarios pueda desarrollar su trabajo con garantías.

Ahora más que nunca, es el momento de estar al servicio de la ciudadanía. Por una parte, al lado de las personas que antes de la crisis del COVID-19 ya eran vulnerables y que recibían la ayuda de las Administraciones en todos los ámbitos. Ahora hay que reforzar estas líneas de actuación y, al mismo tiempo, habilitar mecanismos que permitan su atención preservando la salud de los profesionales del ámbito social.

Por otra parte, también tenemos que estar junto a todas aquellas personas que, como consecuencia de esta crisis, se quedarán sin trabajo. Y por esta razón, hemos de dotarnos de recursos y ayudas para amparar a las familias que lo necesiten. Sólo desde una visión sensible con las personas y los colectivos más expuestos podremos garantizar una salida real y justa de esta crisis.

Paralelamente, y en el ámbito económico, es necesario legislar para crear las condiciones idóneas que permitan a los autónomos, las pequeñas y medianas empresas y, en general, al tejido productivo de nuestro país, tener un horizonte de recuperación rápida con los menores costes posibles para recuperar la normalidad cuanto antes. Desde las Administraciones competentes se debe ser contundentes para fortalecer la reactivación económica de nuestro tejido empresarial.

Las Entidades Locales somos la Administración más próxima a la ciudadanía, la primera puerta de acceso a las peticiones de vecinos y vecinas, y los que administramos y ejecutamos la mayoría de las decisiones tomadas por otras Administraciones. En estos momentos, más que nunca, es necesaria una total coordinación, desde la complicidad y la lealtad institucionales. Necesitamos, por ello, disponer de instrumentos efectivos para dar respuesta a todas las situaciones que está generando esta crisis.

Por ello, y en beneficio de los vecinos y vecinas de nuestros pueblos y ciudades, desde el mundo local reclamamos poder hacer uso de nuestro superávit de 2019 sin ninguna limitación, flexibilizando con ello la rigidez de la regla de gasto y de la estabilidad presupuestaria, para contribuir con nuestro ahorro a cubrir las necesidades de las personas más vulnerables y a completar la dotación en material y efectivos de los servicios que lo hagan posible. También pedimos que se apliquen las medidas normativas para que los Entes Locales puedan tomar decisiones con la máxima inmediatez que exigen estas circunstancias.

Queremos enfatizar, pues así lo establece el artículo 137 de la Constitución Española, que los Ayuntamientos somos Estado. Por ello, y desde la responsabilidad que supone la anterior afirmación, los remanentes que las Entidades Locales hemos generado desde el año 2012, gracias a una gestión responsable y a un firme compromiso con España, pertenecen a las Corporaciones Locales; siendo ellas las únicas que tienen el derecho, exclusivo y excluyente, de decidir cómo gestionarlos y aplicarlos en las actuales circunstancias para luchar contra el coronavirus y para reactivar la economía de sus municipios y provincias a partir del día después.

Debemos felicitarnos por los recientes datos de superávit de los Gobiernos Locales que hemos demostrado nuestro impulso para que España pueda cumplir con los objetivos que impone Bruselas de estabilización presupuestaria y sostenibilidad financiera. Por octavo año consecutivo, Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulares arrojan un superávit en sus balances, este año de 3.839 millones de euros, lo que representa un 0,31% del PIB.

Queremos participar y estar presentes en los programas de actuación estatal y autonómicos cuyos destinatarios sean las Entidades Locales, e igualmente demandamos que los nuevos Fondos e Iniciativas Europeas del período 2021-2027 se reorienten y adapten a la reconstrucción de las economías locales. Es necesario que la normativa que nos afecta a los entes locales nos empodere, de manera que podamos tener a nuestro alcance las herramientas y la capacidad de adaptación necesaria para las exigencias a las que deberemos hacer frente en los próximos meses y años como consecuencia de la parálisis del COVID-19.

Los Gobiernos Locales no somos meros receptores y ejecutores de las políticas europeas, estatales o nacionales, queremos ser escuchados, compartir los retos y participar efectivamente en la toma de decisiones desde el diálogo y el acuerdo. Queremos participar de la construcción de este nuevo futuro.

Un futuro que debe anclarse en principios reconocidos por la Constitución Española como el de la libertad de empresa, cuyo ejercicio debe ser garantizado y protegido por los poderes públicos, al igual que la defensa de la productividad.

Finalmente, queremos mostrar nuestro apoyo y manifestar nuestro sentimiento a las personas y familias que han perdido a sus seres queridos; desde aquí, todo el ánimo a quienes se han visto contagiados por el COVID-19 y se encuentran aislados en casa o ingresados en los hospitales.

Al mismo tiempo, el agradecimiento más sincero a quienes trabajan en los servicios esenciales para garantizar la respuesta en momentos difíciles; en especial a todas y todos los profesionales sanitarios, a los cuerpos y fuerzas de seguridad, con reconocimiento expreso del papel que están desempeñando los agentes de Policía Local, bomberos y trabajadores y trabajadoras de emergencias que, con una dedicación digna de elogio trabajan para revertir esta situación: servicio de limpieza viaria, recogida de basura, agua-alumbrado, ayuda a domicilio, servicios sociales, transportes, etc.

El espíritu y la entrega de todos ellos es la mejor muestra de que el compromiso con el servicio público va más allá de las responsabilidades laborales para convertirse en una forma de vida, una apuesta personal que honra a cuantos tenemos el honor de trabajar a su lado y contar con ellos y ellas. Ese compromiso junto al tesón, valentía y coraje de la ciudadanía es lo que nos hace estar seguros de que más pronto que tarde nuestra sociedad saldrá adelante.

Ahora más que nunca, trabajando todos juntos y dando lo mejor de cada uno, haremos real nuestro firme convencimiento de que unidos saldremos de esta.

2 de abril 2020”

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.